2º. A súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de xaneiro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite e publicación**

- 16407 (12/PDC-000015)
Sobre unha demanda particular de devolución de pertenzas persoais utilizadas en actividades docentes e que se atopan no IES Lagoa de Antela, de Xinzo de Limia

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de xaneiro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite e publicación**

- 16408 (12/PDC-000016)
Sobre a demolición da casa reitoral de Santiago de Cadós, en Bande

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2º. A súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de xaneiro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

## Admisión a trámite e publicación

- 16666 (12/PDC-000017)
Sobre a situación do subdirector de AGIP no Valedor do Pobo

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 14 de xaneiro de 2025, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

**Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

- 16055 - 2092 (12/PRE-000213)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o número de sentenzas condenatorias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recibidas pola CRTVG nos catro últimos anos e durante o mandato do actual director xeral, así como sobre as súas consecuencias en gastos procesuais e indemnizacións
BOPG n.º 18, do 26.04.2024

- 16054 - 2094 (12/PRE-000214)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o tratamento dos espazos destinados á actualidade política nos medios da CRTVG durante os procesos electorais de 2023
BOPG n.º 18, do 26.04.2024

- 16053 - 2186 (12/PRE-000230)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o estado en que están os traballos para a aprobación do estatuto profesional e a creación do consello de informativos que están previstos na Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
BOPG n.º 21f3, do 03.05.2024

- 16058 - 2492 (12/PRE-000268)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia
Sobre os cambios anunciados en outubro do ano pasado respecto da organización e selección dos contidos dos boletíns informativos da Radio Galega e as previsións sobre a posibilidade de volver ao modelo anterior
BOPG n.º 21f3, do 03.05.2024

- 16057 - 4025 (12/PRE-000433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a valoración de determinados contidos do programa de TVG “Land Rober Tunai Show” emitidos o 9 de maio deste ano e as eventuais decisións tomadas pola dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia ante unha posible vulneración da intimidade dunha muller que formaba parte do público
BOPG n.º 29, do 23.05.2024

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 16056 - 6876 (12/PRE-000706)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre o sistema actual de medición da calidade da subministración de enerxía eléctrica e as demandas que prevé dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de que modifique o sistema de indicadores para compensar a discriminación das zonas rurais
BOPG n.º 52, do 23.07.2024

- 16060 - 7809 (12/PRE-002340)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da adecuación á lexislación dos permisos de investigación para os proxectos mineiros Novo Cima, Novo Frixo e Novo Arboim, na provincia de Ourense, e a súa eventual reformulación como permisos de exploración
BOPG n.º 67, do 14.08.2024

- 15860 - 9571 (12/PRE-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia co obxecto de incrementar o número de traballadores forestais para a limpeza e roza de terreos, especialmente na provincia de Ourense, e a formación laboral que ofrece neste ámbito
BOPG n.º 78f2, do 06.09.2024

- 16009 - 10032 (12/PRE-002426)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o incremento do canon de Sogama e a eventual apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo institucional respecto dos sistemas de xestión dos residuos
BOPG n.º 78f2, do 06.09.2024

- 16059 - 10910 (12/PRE-002495)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para elaborar un censo mineiro, así como para planificar e actualizar todos os dereitos mineiros en Galicia susceptibles de investigación ou explotación
BOPG n.º 90f1, do 24.09.2024

- 16069 - 10916 (12/PRE-002496)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a ordenación territorial das zonas susceptibles de explotación mineira, e especialmente as protexidas pola Rede Natura, coa finalidade de avaliar, con carácter previo ao outorgamento de permisos, os efectos medioambientais adversos
BOPG n.º 90f1, do 24.09.2024

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 16008 - 10974 (12/PRE-002503)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a xestión e os custos do tratamento seguido cos residuos plásticos procedentes do cargueiro "Toconao" e recollidos na costa galega en decembro de 2023
BOPG n.º 90f1, do 24.09.2024

- 15859 - 10994 (12/PRE-002507)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre o seguimento por parte da Xunta de Galicia da praga da avespa velutina, o seu comportamento en 2024, os fondos que dedicou a investigación nesta materia nos últimos anos e as técnicas postas en práctica para controlar a súa expansión
BOPG n.º 90f1, do 24.09.2024

- 16068 - 11339 (12/PRE-002541)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre os prexuízos que podería causar ao túnel romano de Montefurado, en Quiroga, así como ao Camiño de inverno e aos núcleos de poboación da contorna a actividade mineira que se está a iniciar para a extracción de lousa
BOPG n.º 93f1, do 30.09.2024

- 16007 - 11503 (12/PRE-002562)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Ruanova Vilas-Boas, Brais
Sobre a autorización dunha planta de fundición de chatarra de aluminio en Coirós, o diálogo da Xunta de Galicia con representantes municipais e veciñais deste concello e as medidas de reforzo para a autorización ambiental
BOPG n.º 93f1, do 30.09.2024

- 16006 - 12007 (12/PRE-002608)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre a situación da produción ecolóxica no agro galego e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para o seu impulso
BOPG n.º 95f2, do 02.10.2024

- 16005 - 12449 (12/PRE-002644)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a actitude do Grupo Popular do Senado en relación coa tramitación do Proxecto de lei básica de bombeiros forestais
BOPG n.º 98, do 10.10.2024

- 16004 - 12780 (12/PRE-002665)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a execución e as condicións das últimas convocatorias das axudas agroambientais á agricultura ecolóxica e as previsións que ten a Xunta de Galicia para a de 2025
BOPG n.º 103, do 18.10.2024

- 16003 - 13089 (12/PRE-002697)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre a crise dos sectores da pataca e do millo forraxeiro derivada do exceso de chuvia, especialmente na comarca da Limia, e os plans que pensa pór en marcha o Goberno galego para afrontar esta situación
BOPG n.º 103, do 18.10.2024

- 16002 - 13227 (12/PRE-002707)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre o papel que está tendo o Observatorio Galego da Biodiversidade nas actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia relacionadas coa conservación do medio natural e da biodiversidade
BOPG n.º 106f2, do 23.10.2024

- 16001 - 13339 (12/PRE-002724)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello
BOPG n.º 106f2, do 23.10.2024

- 15858 - 13753 (12/PRE-002775)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o balance e a valoración da participación de Galicia no certame deste ano de "Fruit Attraction", feira que se desenvolveu en Madrid os días 8, 9 e 10 de outubro e que está orientada á promoción comercial da froita e dos produtos hortícolas
BOPG n.º 110, do 31.10.2024

- 16000 - 13907 (12/PRE-002794)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre o labor que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir a saída de becerros galegos a outras comunidades, promover a transformación local da carne en Galicia e, consecuentemente, xerar un maior valor engadido no propio territorio e mellorar as rendas dos gandeiros
BOPG n.º 112f2, do 05.11.2024

- 15999 - 13923 (12/PRE-002796)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Bará Torres, Xosé Luís

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as denuncias de cortas de frondosas producidas en varias parcelas situadas na ZEC (zona de especial conservación) dos sobreirais do Arnego
BOPG n.º 112f2, do 05.11.2024

- 15998 - 13993 (12/PRE-002808)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o concepto de "refuxio climático", o seu uso na marca impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denominada Galicia Refuxio Climático e as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación nesta materia
BOPG n.º 117, do 15.11.2024

- 15997 - 13999 (12/PRE-002809)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias, a creación de organismos e a planificación das políticas e estratexias en materia climática
BOPG n.º 117, do 15.11.2024

- 15996 - 14043 (12/PRE-002817)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o balance do Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013, as accións levadas a cabo e as previsións relativas á posta en marcha dun novo plan
BOPG n.º 117, do 15.11.2024

- 15995 - 14491 (12/PRE-002849)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis
Sobre a porcentaxe de adianto das axudas da PAC que vai aboar este ano a Xunta de Galicia e as razóns de non chegar ata o tope permitido pola normativa europea nin incluír todos os sectores agrogandeiros
BOPG n.º 119, do 21.11.2024

- 15857 - 14543 (12/PRE-002855)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas ao fomento das agrupacións forestais de xestión conxunta e do asociacionismo forestal, así como ao cumprimento da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, "Cara á neutralidade carbónica"
BOPG n.º 119, do 21.11.2024

- 15665 - 14624 (12/PRE-002866)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de incrementar as actividades do Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios, en Ourense, e as razóns do seu peche nas fins de semana e nos días festivos
BOPG n.º 125, do 29.11.2024

- 15666 - 14689 (12/PRE-002870)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a venda do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, inmoble que posúe un valor histórico-patrimonial e que ten actualmente un uso socioasistencial
BOPG n.º 125, do 29.11.2024

- 15667 - 14702 (12/PRE-002871)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a oferta en Ourense canto a centros sociocomuntarios, as razóns do peche en fins de semana e festivos do centro de Ponte Pelamios e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto dunha eventual mellora ao respecto
BOPG n.º 125, do 29.11.2024

- 16067 - 14717 (12/PRE-002872)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre as mudanzas na Lei de servizos sociais de Galicia a través da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2025 e a pertinencia da consulta previa ao Consello Galego de Benestar e do reforzamento dos equipos de valoración e orientación
BOPG n.º 125, do 29.11.2024

- 16066 - 14795 (12/PRE-002879)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre o traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para materializar os dereitos das persoas dependentes establecidos na Lei de autonomía persoal
BOPG n.º 125, do 29.11.2024

- 15662 - 14823 (12/PRE-002882)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre a situación en Galicia dos transexuais no que atinxe á súa integración no mercado laboral e na administración pública, así como á desinformación en relación con este colectivo e coa realidade LGBT en xeral
BOPG n.º 125, do 29.11.2024

- 15994 - 14970 (12/PRE-002891)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as condicións en que se leva a cabo o servizo da liña 4 do autobús interurbano de Pontevedra, que remata na parroquia de Cerponzóns
BOPG n.º 129, do 09.12.2024

- 15660 - 14999 (12/PRE-002895)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia
BOPG n.º 129, do 09.12.2024

- 15659 - 15388 (12/PRE-002922)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as razóns da retirada das máquinas que funcionan como puntos de información do Servizo Público de Emprego de Galicia en numerosos concellos e oficinas de emprego, as consecuencias desta medida e as alternativas ao servizo que prestaban
BOPG n.º 133, do 19.12.2024

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1.ª

# 3. Administración do Parlamento de Galicia

## 3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 16 de xaneiro de 2025, pola que se toma coñecemento da comunicación da convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal efectuada pola Asemblea de Persoal, na que se fixa como data de inicio do proceso electoral o día 20 de xaneiro de 2025.

Examínase a comunicación da Asemblea de Persoal do Parlamento de Galicia pola que pon en coñecemento da Mesa da Cámara o seu propósito de celebrar eleccións á Xunta de Persoal do Parlamento de Galicia, establecendo como data do inicio do procedemento o 20 de xaneiro de 2025 (doc. núm. 17420).

Visto o disposto no artigo 3 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 156, do 8 de xuño de 2006), que inclúe entre os lexitimados para promover as eleccións o persoal funcionario por acordo maioritario, así como os artigos 4 e 5 das citadas normas,

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento da comunicación da convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal efectuada pola Asemblea de Persoal, na que se fixa como data de inicio do proceso electoral o día 20 de xaneiro de 2025.

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2º. Publicar no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o escrito de promoción.

3º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que proceda a levar a cabo as actuacións e publicacións previstas nos artigos 4 e seguintes das citadas normas.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidanta 1ª

CSV: BOPGDSPG-dMtFGbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:36:51
Nº Rexistro: 17400
Data envio: 15/01/2025 17:36:51.110

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital** (12/PL-000006, doc. núm. 15320), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

### A falla de independencia e rigor profesional

Desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos a cabo unha análise do chamado "Proxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital". Un proxecto de lei que transita nun ámbito no que as protestas das traballadoras e traballadores da Compañía da Radio Televisión de Galicia levan máis de 6 anos facéndose tódolos venres, denuncias por acoso laboral contra directivos da compañía, unha cada vez máis escasa relevancia da televisión convencional no territorio, a baixada continua de espectadores e radioouvíntes da RTVG, orzamentos que a día de hoxe aínda non foron igualados aos últimos aprobados hai quince anos polo goberno progresista de Emilio Pérez Touriño; e a permanencia do director xeral da Compañía pulando por enriba do prazo oficial da súa renovación, debuxan un escenario que ten todo por diante para mellorar, e polo tanto debería contar con un proxecto de lei que libere ao ente da precariedade moral e profesional que o circunda.

Este proxecto de lei ten unha característica que subxace en boa parte do seu articulado. E é a supresión de procedementos democráticos e o incumprimento das directrices do Regulamento Europeo de Liberdade de Medios, normativa europea que é validada para todo o continente e que, polo tanto, equipara o tecido da transmisión informativa en medios públicos no continente. Isto constátase de

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeito relevante nas seguintes 3 cuestións que para o Grupo Parlamentario Socialista vertebran e invalidan o texto desta nova lei:

- a elección por maioría cualificada da Dirección Xeral
- o Estatuto Profesional
- o Consello de Informativos

O primeiro deles, referido a elección da Dirección Xeral, aínda que recollido no artigo 34, queda absolutamente desbotado cando na Disposición Adicional Segunda deste proxecto, arguméntase:

“Co fin de garantir a constitución e renovación en prazo dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, e de evitar a indebida prolongación das situacións de interinidade, de non acadarse a maioría de tres quintos establecidos para a elección da persoa titular da Dirección Xeral no número 2 do artigo 34 dentro do prazo previsto no devandito precepto, a elección realizarase por maioría absoluta na segunda sesión plenaria do Parlamento de Galicia”.

Trátase dun articulado que encubre unha intención clara: a de aumentar o control dos medios públicos e, por conseguinte, distorsionar un servizo público veraz e necesario para o desenvolvemento dunha sociedade que se estima “avanzada” e comprometida coas prácticas democráticas. A elección da Dirección Xeral cos votos unicamente do partido gobernante, neste caso o Partido Popular, supón afianzar o control e o uso dos medios públicos e o seu emprego coma ferramenta de propaganda.

Por outra banda, no artigo 35 referido á duración do mandato, volve abrir a porta cara á imprecisión e a indefinición cando queda explicitado que o mandato trala a elección da Dirección Xeral será de 5 anos con carácter renovable. Deixando sen especificar canto tempo supón esa renovación. Esta imprecisión na lei apunta

CSV: BOPGDSPG-dMfHGzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha intención clara de manter o control do ente, restándolle a profesionalidade e seriedade que supón a construción dun novo corpus xurídico.

**O rexeitamento do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia**

A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, órgano que defende tanto a profesionalidade das persoas informadoras e redactoras, así como a entidade que representa á profesión; e busca o amparo das súas prácticas, manifesta o seu rexeitamento ao Anteproxecto de Lei de Servizos dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia para a Sociedade Dixital aprobado polo Consello da Xunta. Fundamenta este rexeitamento a través de alegacións e escritos nos que explicita que esta normativa supón "un grave retroceso na necesaria desgobernamentalización dos medios públicos, así como un desprezo á profesión xornalística".

Para o Grupo Parlamentario Socialista é imprescindible que esta lei estea consensuada e agrome en consonancia co Colexio Profesional (así coma con outras entidades que logo analizaremos), toda vez que é a institución que recolle non só a deontoloxía da profesión que conforma na maior parte o tecido informativo da CRTVG senón tamén que, ante os déficits de apoio á profesión periodística, é a entidade quen vela pola defensa dos seus dereitos e polo dereito da poboación a estar informado con veracidade e sen partidismos.

E neste senso, este proxecto desbota figuras de apoio e mediación que foron creadas na anterior Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual: o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos. Este feito, unido a elección de facto por maioría absoluta da Dirección Xeral da CRTVG vai en contra, como especificamos ao inicio deste texto, do Regulamento sobre a Liberdade dos Medios de Comunicación da Unión Europea.

Nun estado democrático, que ao mesmo tempo participa do corpus lexislativo e

CSV: BOPGDSPG-dMfFGzJpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:36:51
Nº Rexistro: 17400
Data envio: 15/01/2025 17:36:51.110

dos acordos conxuntos entre países democráticos da Unión Europea, supón un retroceso nos dereitos da cidadanía o feito de, ademais da elección non consensuada da dirección xeral dun medio de comunicación público, a eliminación daqueles estamentos que amparan á profesión dos xornalistas no senso deontolóxico. E blindan a posibilidade da falta de defensa da cidadanía en xeral, e a do consumidor de información en particular, ante as manipulacións informativas ou campañas de propaganda do partido no goberno, neste caso sería o Partido Popular, autor do proxecto que nos ocupa.

E a substanciación do consenso na elección da Dirección Xeral, así como a eliminación do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos van totalmente en contra do citado regulamento europeo (que é de obrigado cumprimento para tódolos estados membros), No devandito regulamento explicítase estar en contra daqueles "casos nos que as reformas lexislativas nos Estados membros aumentaron o control gobernamental dos medios de comunicación de servizo público, tamén no que respecta ao nomeamento das persoas que exerzan a dirección do consello de administración dos medios de comunicación de servizo público, ou dos membros deste".

De aprobarse este proxecto, o Goberno da Xunta de Galicia estaría actuando en contra do previsto na lei europea, toda vez que non só escapa do consenso da pluralidade das forzas políticas, senón que ademais eliminou na nova lei as figuras do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos. Así pois, estas cuestións teñen a suficiente relevancia para rexeitar este articulado a través dunha emenda a totalidade do mesmo.

**O Estatuto Profesional que non se constitúe**

A eliminación do Estatuto Profesional supón un desamparo da profesión fronte inxerencias ou presións a hora de protexer a obriga dos profesionais a ofrecer veracidade e rigor na elaboración da información. É tamén unha figura que da

CSV: BOPGDSPG-dnMRCzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

carácter profesional ao exercicio das actividades xornalísticas, outorgando aos informadores dunha actuación estatutaria que esixe a importancia da súa misión.

Cando o dereito a informar, que a todas e todos se lles recoñece, exércese de habitude e profesionalmente, queda cualificado cunha función social: o dereito convértese en deber de informar ao servizo do dereito do público a ser informado. Para o cumprimento dese deber, requírese un desenvolvemento das facultades que aseguren a dignidade e a independencia profesional, sempre ao servizo dos dereitos do público.

O artigo 20 da Constitución Española non contempla coma suxeitos específicos aos profesionais da información. No obstante, o lexislador constituínte remitiu ao ordinario a regulación dalgúns dos elementos típicos dun estatuto profesional dos xornalistas: a cláusula de conciencia e o secreto profesional. A nosa xurisprudencia constitucional recalca que os xornalistas non teñen neste eido privilexio algún fronte aos dereitos do resto da cidadanía, pero si que ao exercicio do seu dereito poden dárselle unha certa preferencia, xustamente, “en virtude da función que cumpre, en aras ao deber de información constitucionalmente garantizado”. É tamén xurisprudencia ben asentada interpretar o requisito de veracidade das informacións como un deber de dilixencia profesional.

Así pois, existe unha base constitucional para a promulgación dun Estatuto do Xornalista Profesional. A finalidade é servir ao dereito da cidadanía a ser informada, garantindo a independencia dos informadores. Este Estatuto pretende desenvolver os dereitos da liberdade de expresión a información nun conxunto de facultades que permitan aos informadores reforzar a súa profesionalidade e conseguintemente a independencia fronte aos poderes políticos e económicos.

Nesta liña sitúase a Lei Orgánica 2/1997, reguladora da cláusula de conciencia que na exposición de motivos considera implicitamente esta institución ao servicio da independencia profesional ao declarar que: “a información non pode ser

CSV: BOPGDSPGdmMFGzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

obxecto de consideracións mercantilistas, nin o profesional da información pode ser concibido como unha especie de mercenario aberto a todo tipo de informacións e noticias que son difundidas ao marxe do mandato constitucional de veracidade e pluralismo".

**O Consello de Informativos que non se contempla**

Tanto a elección por consenso, por parte do Parlamento galego, da dirección xeral da CRTVG, como o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos sufriron anomalías e falta de cumprimento nos últimos dez anos; de xeito que o cargo de director xeral rebasou o límite estipulado do seu mandato, prorrogándose inexplicablemente durante anos. E nunca foron desenvolvidos nin o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos.

Pero esta falta de vontade participativa por parte dos sucesivos gobernos do Partido Popular nos últimos 15 anos e da dirección xeral da CRTVG, máxima responsable na proposición e creación dos mesmos, non é motivo é nin debe esgrimirse como tal para erradicalos no proxecto que nos ocupa, senón todo o contrario: deberían de reforzarse e emprazar a súa creación nun breve período de tempo.

Complementando o Estatuto Profesional, o Consello de Informativos é un dos elementos cruciais que, como xa dixemos, garante a independencia editorial dos medios públicos en Galicia e ampara a participación dos profesionais na conformación do corpus informativo.

Este órgano asesor interno tería como obxectivo garantir que a radiodifusión e os contidos do medio cumpriran coa súa misión de servicio público, respectando a pluralidade, diversidade cultural e lingüística, e os valores democráticos.

Durante estes anos, o goberno do Partido Popular privou á CRTVG das funcións

CSV: BOPGDSPG-dvrHFGzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deste órgano que debería ofrecer recomendacións sobre a programación e liña editorial para que fosen coherentes cos principios de servicio público. Avaliación dos contidos que reflicten a diversidade cultural, lingüística e social da comunidade autónoma. Supervisar se a CRTVG cumpría cos estándares de imparcialidade, obxectividade e pluralidade. Promover o equilibrio na representación de partidos políticos, colectivos sociais, xéneros e minorías. Actuar coma unha canle entre a cidadanía e a televisión, recollendo propostas críticas e preocupacións sobre os contidos e o funcionamento. Verificar se o medio cumpría coas funcións educativas, informativas e culturais que se esperan dunha televisión pública. Incorporar puntos de vista de diferentes sectores da sociedade para enriquecer as decisións estratéxicas do medio.

A carencia deste órgano, entre outros xa mencionados, levou á CRTVG a un lugar escuro, manipulado e falto de veracidade; dando lugar a unha baixada paulatina de público e a un cuestionamento sobre a calidade da mesma.

**A creación dun Consello Asesor unidireccional que afasta a pluralidade e a diversidade**

A desaparición da creación dos órganos onde se recolle a presencia de profesionais e a participación da redacción, transfórmase neste anteproxecto no chamado: CONSELLO ASESOR DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E PROFESIONAL. Ten unha encomenda consultiva na que participan quince integrantes, dos cales soamente dous son profesionais dos medios públicos. O resto dos compoñentes serán escollidos polo Parlamento e o Consello da Xunta, incluíndo tamén a posibilidade a cargos políticos locais. Isto supón, sen ningunha concesión, unha liña de pensamento único e a inxerencia total e absoluta do goberno autónomo nos contidos ordinarios e extraordinarios, e na planificación da CRTVG.

Tal e como resaltan desde o Colexio de Xornalistas, “incluso a aprobación dunhas normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos déixanse nas mans

CSV: BOPGDSPG-dMfHGzdpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Consello de Administración, un órgano xestor elixido polos responsábeis políticos".

Queda eliminada neste proxecto a creación dunha autoridade audiovisual independente que funcione como órgano avaliador, tal e como acontece noutras comunidades autónomas.

**A importancia que non se dá ao arquivo audiovisual, á producción propia e á lingua.**

Outra das eivas da nova lei é o feito de non contemplar a importancia do aquivo documental da CRTVG; sen facer mención ao respecto da conservación, análise e promoción do arquivo audiovisual que conforma e pode seguir conformando a CRTVG.

Non hai dúbida sobre a importancia que supón, para a nosa comunidade en particular e para o resto da sociedade española en xeral, o material de arquivo que xera e xerou a CRTVG. É unha testemuña contemporánea do momento histórico do século XX. Un material que explica e aporta ciencia e coñecemento sobre o tecido social galego.

Neste proxecto nin se menciona e menos se fala da importancia que supón que a xeración de novas que recollan o feito ordinario e extraordinario que de acotío acontecen, pasen a ter un tratamento profesionalizado e parametrizado coma outras canles autonómicas. Suxerindo, ademais, que este arquivo poida ser traballado e agromado coa Facultade de Ciencias de Información de Santiago e mesmo co Departamento de Documentación da Facultade de Xeografía e Historia da UDC.

A nova lei está percorrida en practicamente todo o seu articulado pola falta de independencia e de participación dos profesionais do sector, como xa expuxemos

CSV: BOPGDSPG-dMHrCzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:36:51
Nº Rexistro: 17400
Data envío: 15/01/2025 17:36:51.110

con anterioridade. E isto faise patente no senso de que non se garante que non haxa unha cesión a terceiros no que a realización e edición, non só de produtos de entretemento, senón no ámbito dos informativos se refire.

Esta condición aparecía recollida na Lei 9/2011 coa que tamén se garantía (a lo menos na lei) o corpus profesional para a cobertura informativa na comunidade. Apuntando que hoxe en día asistimos a unha desmantelamento de centros territoriais en aras a non sabemos moi ben que tipo de “nova reestruturación” pretende levar a cabo a actual Dirección Xeral do ente.

En calquera caso, a producción propia queda sen blindar no articulado novo, deixando a entrada a novas produtoras e, por conseguinte, a desbotar e non ter en conta aos profesionais do ente a que polo menos se cumpra co 6 por cento de producción propia.

O libro de estilo na nova lei queda en mans do Consello de Administración. Resulta inconcibible que un órgano de xestión ordinario poida facerse cargo dun traballo específico, o que nos leva a supoñer que será externalizado (no caso que nalgún momento decida facerse). A inexistencia deste manual ou libro de estilo abre tamén o ámbito para que non haxa criterios ou parámetros sobre os que fixar as liñas de realización e edición, máis alá do saber dos profesionais; que por outra banda poden ser rexeitados ou anulados polos mesmos motivos. Isto fai, entre outras cousas, que merme a consideración do público e diminúa a fiabilidade do ente nos seus informativos.

Outras das liñas que consideramos insalvables nesta nova lei é o feito deliberado de fuxir da empregabilidade da lingua galega. Deixando aberto unha canle de “xustificación” que a todas luces contravén a finalidade do ente. A redacción do artigo 7 é mesmo un dislate da suposta política de acordo social que pretende acada o Partido Popular fronte a fenda aberta polo mesmo goberno coa inútil política do que deron en chamar “bilingüismo harmónico”.

CSV: BOPGDSPG-dhH7Gzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É unha contradición que no último trimestre do ano 2024 o Presidente da Xunta, do Partido Popular, fixera un chamamento para que todos os partido políticos conviñesen un acordo para unha “nova” política lingüística na que puidésemos frear a caída do uso do galego.

Na redacción do artigo 7 ábrese a porta para poder empregar outras linguas coa finalidade de “dar a coñecer a identidade cultural de Galicia”. Na sociedade do século XXI onde a globalidade deitou barreiras apoiándose na tecnoloxía para a empregabilidade dos diferentes idiomas, coa fin de abrir o campo de coñecemento, non ten ningunha razón de ser que un goberno autónomo, que xestiona a radio e televisión públicas e que conta co feito enriquecedor e diferencial dun idioma (recoñecido oficialmente no estado) non sexa quen de apoialo e engrandecelo con tódalas ferramentas ao seu alcance.

Outra vez a nova lei retrocede respecto as anteriores onde o galego eran a lingua a empregar en toda a corporación. E mesmo a Televisión de Galicia foi un factor importante nos primeiros anos da súa creación para proxectar o uso do galego e para que a poboación vise corroborado a impronta e pegada do idioma nun estamento público.

**Unha lei sen consenso do sector**

A nova lei deu as costas aos propios traballadores da CRTVG, ao Colexio Profesional de Xornalistas e a tódolos aqueles que conforman a Mesa do Audiovisual galego non foron consultados nin tidos en conta á hora rde emprender a nova redacción.

Este acto de non escoitar a Mesa deixa como consecuencia unha fenda aberta nun sector que, curiosamente, dada a súa excelencia pode vivir do seu traballo alén das fronteiras de Galicia e a pesares da propia CRTVG. E paradóxicamente é

CSV: BOPGDSPG-BdM1FCzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na CRTVG onde menos podemos ver o traballo de guionistas, actores, investigadores do audiovisual, técnicos, etc. Este feito debería facer reflexionar aos responsables do Goberno da Xunta de Galicia sobre a falta de profesionalidade institucional á hora de non ir da man dun sector que crece "a pesares" dun organismo motor como tería que ser a CRTVG.

Outra das cuestións que non queda recollida na lei coa profundidade que debería é a dinámica de contratos e de aceptación de proxectos. O escurantismo e a falta de transparencia é unha constante á hora de estipular contratacións co ente público. Isto revirte, novamente, nun desafecto e afastamento dos profesionais (excelentemente valorados fóra de Galicia) do medio, que atopan noutros ámbitos a realización profesional.

O sector non atopa, nin tan sequera, difusión dentro das novas informativas da CRTVG. Festivais con pegada internacional e que teñen réplica tanto en países europeos como de América de Sur, apenas son "divulgados" nas canles da CRTVG, sen que na nova lei apareza tampouco unha liña de apoio formal ao traballo creativo do sector que son os que poderían construír produtos de ficción exportables, como xa o están a facer pola súa conta.

**Conclusión**

Ante o exposto e coa fin de fixar os motivos claves do rexeitamento desta nova lei, o Grupo Parlamentario Socialista enuncia os eixos que invalidan este texto e que son:

- Falta de calidade democrática rebasando límites que contraveñen o regulamento da Unión Europea.
- Falta de diálogo co Colexio de Xornalistas e co sector do audiovisual galego para afrontar a redacción da lei.
- Falta dun órgano externo que vixíe e sancione o cumprimento da

CSV: BOPGDSPG-dxfHFGcpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

producción propia.

- Falta dun programa para a conservación, análise e construción do arquivo audiovisual da CRTVG.
- Falta de blindaxe do uso da lingua galega no ente da CRTVG.
- Falta de construción de órganos de participación profesional que garantan a independencia e amparen a deontoloxía dos xornalistas.
- Falta de transparencia nos contratos cos diferentes integrantes do sector.
- Un retroceso en relación a Lei vixente de 9/2011, o que supón un estancamento da lei fronte aos novos retos de futuro.

Non é admisible nin desde o punto de vista político, e moito menos democrático, a redacción dun texto que involuciona o articulado dun ente público como a CRTVG, naqueles aspectos que son fundamentais para o avance e o afianzamento dunha sociedade diversa e plural que, en ningún momento aparece reflectida na redacción desta lei.

Por todo o anterior solicitamos a devolución do Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, aspirando a que sexa reformulado e poida ser traballado no Parlamento un novo texto que parta de mellores principios.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-pdMHPbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:36:51
Nº Rexistro: 17400
Data envio: 15/01/2025 17:36:51.110

**José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2025 17:36:11**

CSV: BOPGDSPG-fHdnrGzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital [12/PL-000006 (**doc. núm. **15320)]**, en base ás seguintes consideracións:

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeita de maneira taxativa o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza e para a sociedade dixital porque supón un enorme retroceso para os medios públicos do noso País, e en consecuencia, para a calidade democrática de Galiza.

Neste senso, dicimos que esta nova lei supón un retroceso democrático por tres razóns fundamentais:

En primeiro lugar, porque incrementa o control político e partidista dos medios de comunicación públicos de Galiza ao permitir a renovación da Dirección Xeral cunha maioría simple fronte á maioría reforzada que esixe a lexislación actual. É obvio que esta é a razón fundamental pola que se propón a mudanza normativa co obxectivo único de permitir a renovación dos órganos de dirección da CRTVG sen diálogo nin negociación coas demais forzas políticas con representación parlamentaria. Un feito que erosiona gravemente a calidade democrática do noso País e tamén a independencia dos medios de comunicación



CSV: BOPGDSPGDcTbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:33
Nº Rexistro: 17403
Data envio: 15/01/2025 17:40:33.831

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos de Galiza ao dar, de facto, a potestade ao partido que sostén o goberno de nomear unha persoa afín para dirixir a Corporación.

En segundo lugar, atenta contra un principio fundacional e fundamental da CRTVG desde a súa creación suprimindo a lingua galega como propia dos medios públicos e abrindo a porta ao uso de linguas distintas ao galego nas producións e comunicacións da Corporación. Esta mudanza, inadmisible desde calquera punto de vista, resulta aínda máis lesiva e gravosa nun momento coma o actual no que, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, as familias transmiten cada vez menos a lingua galega ás crianzas e a medida que o alumnado pasa polos distintos niveis do sistema educativo o uso que fai da lingua propia de Galiza vai diminuíndo. É obvio que o medios de comunicación, en tanto que axentes de socialización, cumpren un papel máis determinante no proceso de normalización da lingua galega do que nunca e, xusto cando isto acontece, preténdese secundarizar o galego na Galega.

En terceiro lugar, o proxecto de lei fulmina os dereitos profesionais e de participación das traballadoras e traballadores da CRTVG logo de lles seren negados durante máis dunha década. A nova lei suprime o Estatuto profesional e o Consello de informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza. Estes instrumentos tiñan como obxectivo fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet garantindo a participación interna das e dos profesionais da información da Corporación RTVG. Esta mudanza prodúcese despois de seis anos de mobilizacións das traballadoras e traballadores denunciando os incumprimentos da Lei 9/2011 e



CSV: BOPGDSPGrdTbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esixindo a garantía dos seus dereitos profesionais. Unha declaración de intencións de cal é o obxectivo que se persegue coa nova norma.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego é inaceptable e inadmisible que esta nova lei saia adiante como o é tamén para unha ampla maioría social que amosou o seu rexeitamento á mesma desde o momento en que se coñeceu o anteproxecto de lei. Cómpre lembrar que entidades e organizacións sociais de moi amplo espectro como o Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza, a Asociación de Actores e Actrices de Galiza, a Academia Galega do Audiovisual, o Clúster do Audiovisual, as organizacións sindicais e o propio comité de empresa rexeitaron o texto. Esta ampla oposición, e as razóns anteriormente expostas son motivo suficiente para que o Goberno galego dea marcha atrás nas súas pretensións e retire este Proxecto de lei..

Por todas estas razóns, a través desta emenda á totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a **devolución á Xunta de Galiza do Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital**.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-7bzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:33
Nº Rexistro: 17403
Data envio: 15/01/2025 17:40:33.831

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2025 17:34:04**

CSV: [illegible]bzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **con proposta de texto alternativo**, ao **Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital [12/PL-000006 (**doc. núm. **15320)].**

"**Reguladora do servizo público audiovisual e o Consello Audiovisual de Galiza**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os medios de comunicación públicos son un servizo esencial e unha ferramenta imprescindíbel para a consolidación da democracia, máis aínda nun País como Galiza no que os medios públicos de comunicación audiovisual constitúen un eixo fundamental para a defensa da identidade, a cultura e a lingua propias do pobo galego.

Eses foron en orixe os principios que deron lugar á Compañía de Radio-Televisión de Galiza a través de Lei 9/1984, do 11 de xullo: garantir o dereito de acceso do pobo galego aos distintos xéneros de programación e aos principais eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega.



CSV: BOPGDSPG-DMf7Gsfpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Co obxectivo de salvagardar e ampliar os principios fundacionais da CRTVG blindando o pluralismo democrático que debe presidir os medios públicos de Galiza é necesario avanzar nun novo marco normativo que os regule superando así a Lei actual 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Esta mudanza lexislativa resulta especialmente importante por tres razóns fundamentais:

En primeiro lugar, polas profundas transformacións tecnolóxicas acontecidas nos últimos anos e, con elas, a irrupción de novas formas de consumo e creación de contidos audiovisuais. Esas mudanzas esixen a adaptación da normativa para contemplar, entre outros, os contidos baixo petición ou as plataformas dixitais que son xa unha realidade.

En segundo lugar, e derivado do anterior, pola necesidade de impulsar con maior decisión a normalización de usos da lingua galega, especialmente entre a infancia e a mocidade, en cumprimento do disposto no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza e da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Os medios de comunicación audiovisual, especialmente os públicos, cumpren un papel esencial na garantía de acceso da poboación a contidos e servizos audiovisuais na lingua propia de Galiza gañando novos espazos de prestixio e uso para o galego. Tendo en conta a realidade sociolingüística actual, especialmente os últimos datos que sitúan o uso social da lingua galega en mínimos históricos, urxe reforzar o papel que lle foi asignado aos medios públicos de comunicación audiovisual desde a súa creación nesta materia.



CSV: BOPGDSPG-DMFi6zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E, en terceiro lugar, pola necesidade de blindar os medios de comunicación públicos de Galiza como ben público e a introdución de mecanismos que garantan o cumprimento da súa misión de servizo público sen inxerencias de ningún tipo, especialmente gobernamentais.

Neste senso, en tanto que ben público esencial, a Corporación da radio e televisión de Galiza ten como obxectivo prioritario promover o debate democrático, fomentar o espírito crítico da poboación, a participación cidadá no desenvolvemento político, social, económico e cultural de Galiza velando polo dereito de acceso do conxunto da sociedade galega a unha información de proximidade, en lingua galega, veraz, imparcial e obxectiva. Urxe, en tempos como os actuais nos que reina a desinformación e a manipulación, prestixiar o xornalismo público facendo que gañe confianza entre as galegas e galgos.

Para dar cumprimento a eses obxectivos é fundamental que as traballadoras e traballadores dos medios públicos conten con órganos internos de participación que velen pola súa independencia profesional así como a creación de organismos externos que fiscalicen o cumprimento da misión de servizo público que teñen na súa función formadora, informadora e de entretemento.

En definitiva, a Corporación da Radio e Televisión de Galiza constitúe parte do patrimonio do pobo galego e, como tal , é necesaria a súa defensa e promoción adaptándoa aos tempos e ás mudanzas tecnolóxicas mais sen desposuíla da súa identidade orixinal. Non hai razón para que a aparición de novos soportes e formatos impliquen a desaparición dunha marca que é parte da historia de Galiza.



CSV: BOPGDSPG-DMiF6sEpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis ao contrario, as mudanzas tecnolóxicas acontecidas na última década e especialmente no sector audiovisual nos últimos anos, esixen avanzar no sentido en que o fai a presente Lei para que a Corporación RTVG sexa referente do sector, cunha produción de calidade e de vangarda. Nese camiño, o persoal que conforma o servizo público de comunicación audiovisual de Galiza xunto co tecido económico e empresarial que conforma o sector audiovisual galego representan un auténtico motor de produción para este País que debemos coidar e valorar.

A presente Lei reguladora do servizo público audiovisual e o Consello Audiovisual de Galiza estrutúrase en tres Títulos, cinco Capítulos e tres Seccións, dúas disposicións transitorias, dúas disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e dúas disposición derradeiras.

No Título I determínase o obxecto da lei así como a misión e alcance do servizo de comunicación audiovisual de Galiza que será prestado a través da Corporación Radio e Televisión de Galiza. No Título II regúlase a natureza e réxime xurídico da Corporación RTVG así como a súa estrutura, principios de programación e organización a través de catro órganos internos: o Consello de Administración, a Dirección Xeral, o Consello Asesor e o Consello de informativos.

De maneira específica, ao longo de tres seccións, regúlase o proceso de selección e designación das persoas que integran e conforman os órganos de goberno e administración da Corporación RTVG a través dun concurso público. Por último, determínase a composición e funcións do Consello Asesor e Consello de informativos como órganos de participación social e interna das e dos profesionais, respectivamente.



CSV: BOPGDSPG-D0MIF6s5-pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos Capítulos IV e V regúlase o réxime económico, orzamentario e de persoa da Corporación RTVG.

Por último, o Título III da Lei crea o Consello Audiovisual de Galiza como autoridade reguladora e executiva no ámbito da comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma. No título regúlase a súa composición, o estatuto persoal dos seus membros así como as súas funcións e o réxime sancionador aplicábel no exercicio das mesmas.

Finalmente, a Lei componse de dúas disposicións transitorias relativas ao procedemento de concurso público que rexe a elección e designación dos membros do Consello de Administración e da Dirección Xeral da CRTVG.

## TÍTULO I

## **Disposicións xerais**

Artigo 1. Obxecto da Lei

A presente Lei ten por obxecto:

a) Regular o servizo público de comunicación audiovisual de ámbito galego.

b) Fixar os obxectivos xerais e misións da función de servizo público de comunicación audiovisual de ámbito galego.



CSV: BOPGDSPG-Dd1fF0s1z-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Establecer os principios e criterios fundamentais para a prestación do servizo público de comunicación audiovisual galego.

d) Definir a estrutura básica da xestión do servizo público audiovisual de ámbito galego.

e) Determinar os órganos e mecanismos de control da xestión e do cumprimento do servizo público audiovisual.

f) Regular a natureza, composición e funcións da autoridade independente encargada de exercer as competencias en materia audiovisual no ámbito galego.

Artigo 2. Definición, misión e alcance de servizo público audiovisual

1. O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese xeral que ten como misión difundir programas, contidos e servizos audiovisuais a través de distintos formatos e soportes que:

a) Fomenten os valores democráticos

b) Promovan e impulsen a normalización da lingua galega

c) Contribúan á formación dunha opinión pública plural

d) Garantan o acceso a unha información veraz, obxectiva, imparcial e equilibrada



CSV: BOPGDSPGDMF0s5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) Faciliten a participación da cidadanía galega na vida política, social e económica

f) Divulguen a historia e cultura de Galiza e dean a coñecer as máis amplas expresións culturais e sociais xunto a unha oferta de entretemento de calidade.

2. O servizo público de comunicación audiovisual de Galiza terá por obxecto a produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais tanto lineais como por petición así como calquera outro que permitan os avances tecnolóxicos sempre que se dirixan a garantir o cumprimento da misión de servizo público.

3. A función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de programas e servizos audiovisuais plurais e diversos dirixidos a todo tipo de públicos tanto con proxección e difusión na Comunidade Autónoma de Galiza como no exterior.

4. A prestación do servizo público de comunicación audiovisual no ámbito galego realizarase consonte os principios e as misións establecidas na presente Lei.

Artigo 3. Misións específicas do servizo público audiovisual

1. En cumprimento da misión e principios do servizo público de comunicación audiovisual galego, serán misións específicas as seguintes:

a) A promoción, o coñecemento e a difusión da lingua e a cultura galegas.



CSV: BOPGDSPG-DMif7Gsz-pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) O impulso do coñecemento e o respecto dos valores e os principios contidos nos tratados e acordos internacionais sobre dereitos humanos, civís e políticos.

c) A transmisión dunha información veraz, obxectiva e respectuosa co pluralismo político, cultural e social.

d) A difusión da actividade do Parlamento, dos grupos parlamentarios, das organizacións políticas, sindicais, así como dos demais axentes sociais de Galiza.

e) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e da plena cobertura do conxunto do territorio galego así como nas comarcas limítrofes a Galiza que presenten afinidades lingüísticas e culturais.

f) Asegurar o acceso de toda a cidadanía ás diferentes prestacións e contidos garantindo a accesibilidade de maneira particular para as persoas con discapacidade.

g) A promoción activa da convivencia cívica, o desenvolvemento plural e democrático da sociedade, o coñecemento e o respecto ás distintas opcións e manifestacións políticas, sociais e culturais presentes no territorio galego.

h) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso dunha linguaxe non sexista.

i) A subministración de contidos e servizos audiovisuais dirixidos aos sectores máis amplos e diversos da  audiencia, cunha atención especial aos colectivos



CSV: BOPGDSPG-DMiF0szpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis vulnerábeis, promovendo o coñecemento, a influencia e o prestixio do servizo público dentro do marco xeral do espazo galego de comunicación audiovisual.

l) A definición, a aplicación e o impulso, dentro do ámbito galego de comunicación audiovisual, dun modelo de comunicación baseado na calidade, a diversidade na oferta, o fomento da innovación, o respecto dos dereitos das persoas consumidoras e a esixencia ética e profesional.

m) Promover o acceso do conxunto da sociedade galega á formación, á difusión, ao coñecemento e á divulgación máximos dos principais acontecementos políticos, sociais, económicos, científicos e deportivos de Galiza.

n) Fomentar o coñecemento e divulgación da nosa raizame histórica, preservando dunha forma especial a memoria histórica e o patrimonio das súas testemuñas.

o) A difusión e a promoción das expresións e manifestacións culturais máis diversas, particularmente das vinculadas ao uso dos medios audiovisuais.

p) A contribución a estreitar os vínculos e a cooperación cos países de lingua portuguesa, en particular a establecer acordos estábeis de colaboración con entidades prestadoras de servizos audiovisuais para a produción e difusión de contidos audiovisuais en lingua galega e portuguesa en Galiza e nos países de cultura lusófona.



CSV: BOPGDSPG-DMf7Q6zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

q) A contribución ao desenvolvemento das industrias culturais galegas, especialmente as audiovisuais, a promoción da creación audiovisual e de novas formas de expresión neste ámbito.

r) A difusión do servizo público de comunicación audiovisual galego alén do ámbito territorial de Galiza como mecanismo de proxección exterior da lingua e cultura galegas, especialmente naqueles territorios con maior presenza da diáspora galega.

s) A contribución ao desenvolvemento da sociedade do coñecemento e o fomento da produción de contidos audiovisuais e a promoción da creación dixital e multimedia en lingua galega, como contribución ao desenvolvemento das industrias culturais do noso País.

t) A custodia e conservación de arquivos históricos audiovisuais de relevancia e interese para Galiza.

u) Achegar á sociedade galega o arquivo audiovisual co obxectivo de socializar a produción propia e tamén ofrecer un repositorio o máis completo posíbel da produción audiovisual galega a través da súa plataforma de contidos.

v) A promoción dos valores da paz.

x) O fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e protección do medio ambiente.

z) A preservación dos dereitos da infancia e adolescencia así como das persoas maiores.



CSV: BOPGDSPG-DMIF0sLpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# TÍTULO ll

# Da Corporación Radio e Televisión de Galiza

## CAPÍTULO I

## Natureza e réxime xurídico

Artigo 4. Natureza xurídica

1. A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico, sen prexuízo das garantías de independencia recollidas nesta lei. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. A Corporación RTVG terá a forma de sociedade anónima, e o seu capital estará participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galiza.

3. A Corporación RTVG non poderá contar con participación privada no seu capital nin tampouco poderá estar presente nos seus órganos de administración e xestión persoas ou entidades en representación de intereses privados.

4. A Corporación RTVG gozará de autonomía na súa xestión e actuará con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza.



CSV: BOPGDSPGIMf7cEzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. A xestión da Corporación RTVG deberá realizarse de acordo cos criterios de transparencia empresarial e de responsabilidade social empresarial consonte recolle a lexislación vixente.

Artigo 5. Réxime xurídico

1. A Corporación RTVG rexerase, en primeiro lugar, por esta lei, polos seus estatutos sociais e pola Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual ou calquera outra que a substitúa. En segundo lugar, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza, e, en defecto da normativa anterior, pola lexislación mercantil.

2. Os estatutos sociais da Corporación RTVG incorporarán as previsións establecidas nesta lei relativas aos órganos internos e ás súas competencias.

3. Os estatutos sociais da Corporación RTVG e as súas modificacións serán aprobadas pola xunta xeral de accionistas, logo do acordo favorable do Consello da Xunta, e inscribiranse no Rexistro Mercantil.

4. O obxecto social da Corporación RTVG deberá incluír a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos nesta lei así como todas aquelas actividades necesarias para o exercicio das súas funcións de servizo público ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.



CSV: BOPGDSPG-DMiF6sZpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Os acordos ditados polos órganos de goberno da Corporación RTVG e as pretensións que se deduzan deles son competencia da xurisdición que corresponda en cada caso sen necesidade de formular reclamación previa nin recurso administrativo ningún.

Artigo 6. Estrutura da Corporación Radio e Televisión de Galiza

1. A Corporación RTVG deberá contar coa estrutura suficiente e necesaria para asegurar o cumprimento da misión de servizo público encomendada e para facilitar a provisión de contidos territoriais na súa programación.

2. A Corporación RTVG poderá constituír ou participar no capital de toda clase de entidades que adopten a forma de sociedade mercantil e cuxo obxecto social estea vinculado coas actividades e funcións daquela, incluídas as de servizo público. A adquisición ou perda da participación maioritaria da Corporación RTVG no capital social das devanditas sociedades requirirá a previa autorización do Consello da Xunta.

3. Malia o sinalado na liña anterior, a Corporación RTVG non poderá participar, directa ou indirectamente, no capital social de prestadores privados do servizo de comunicación audiovisual.

CSV: BOPGDSPGDMr7c5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 7. Cooperación

Para a mellor consecución das funcións de servizo público audiovisual a Corporación RTVG poderá subscribir convenios de cooperación e colaboración con outras entidades de servizo público de noticias, radio e televisión, coas administracións públicas ou coas entidades delas dependentes.

Artigo 8. Operacións de fusión, escisión e disolución

1. As operacións de fusión ou escisión da Corporación RTVG requirirán o acordo favorable do Consello da Xunta.

2. A disolución da Corporación RTVG requirirá o acordo favorable do Consello da Xunta, oído o Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO II

**Principios, planificación e control do servizo público audiovisual**

Artigo 9. Principios de funcionamento da Corporación RTVG

O funcionamento da Corporación RTVG axustarase aos seguintes principios:



CSV: BOPGDSPG-DMf7c5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) A autonomía en relación ao Goberno da Xunta de Galiza, no marco das estipulacións do mandato-estratéxico e do contrato-programa, e con relación á xestión directa e ordinaria do servizo público audiovisual.

b) A garantía de xestión directa do servizo, en particular en relación aos contidos e formatos que han de configurar as correspondentes prestacións do servizo público audiovisual en cumprimento da presente Lei e do contrato-programa.

c) A garantía de participación dos grupos sociais e profesionais a través da súa integración nun órgano de natureza consultiva e asesora.

d) O sometemento á fiscalización e control financeiro externo do Consello de Contas sobre a súa actividade, así como ao control da súa actividade económica-financeira por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos previstos para as entidades públicas empresariais do sector público galego.

e) A aprobación dunha liña editorial autónoma, en consonancia co que se estableza no contrato-programa, baixo a supervisión dun órgano específico onde se reflicta a  pluralidade política e social.



CSV: BOPGDSPGxMlf7dszpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 10. Planificación plurianual da función de servizo público audiovisual da Corporación RTVG

1. O Parlamento de Galiza, por maioría de dous terzos, aprobará o mandato-estratéxico da Corporación RTVG no que se concretarán os obxectivos xerais da función do servizo público audiovisual para un período de nove anos.

2. Os obxectivos aprobados no mandato-estratéxico serán desenvolvidos a través de contratos-programa, onde se recollerán de xeito preciso as misións específicas para un período de tres anos. En particular, incluirán:

a) As achegas con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza destinadas a compensar a Corporación RTVG pola prestación do servizo público audiovisual.

b) Os contidos de servizo público que deban emitirse pola Corporación RTVG, que deberán concretar as porcentaxes de xénero de programación.

c) A concreción da emisión de publicidade, fixando criterios básicos sobre o contido das mensaxes publicitarias e a adecuación dos tempos á programación e necesidades dos medios.

d) O establecemento dos criterios para o acceso dos grupos políticos e sociais representativos.

e) A fixación das cotas de produción esixidas polo normativa audiovisual, así como os criterios de selección.



CSV: BOPGDSPG-DMiF0sfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) A determinación dos parámetros de eficiencia económica e garantía de calidade dos servizos.

g) Asegurar a transparencia na xestión, dando unha periódica rendición de contas ao Parlamento.

h) Establecer os indicadores obxectivos para levar a termo a avaliación do contrato-programa.

3. Os contratos-programa serán aprobados polo Parlamento de Galiza por maioría de dous terzos, logo de proposta formulada polo Consello de Administración da Corporación RTVG.

Artigo 11. Uso da lingua

1. A lingua oficial da Corporación RTVG será o galego, tanto nas súas relacións internas como externas e, xa que logo, a prestación do servizo de comunicación audiovisual será en lingua galega, así como as comunicacións que efectúen o persoal dependente da mesma en exercicio dos seus cometidos.

2. Para dar cumprimento á súa misión de servizo público en tanto que impulsora da normalización de usos da lingua galega, a Corporación RTVG prestará especial atención ao uso do galego nos programas, contidos e servizos audiovisuais dixitais e baixo petición dirixíndose de maneira específica ao público infantil e xuvenil.



CSV: BOPGDSPGDwIIF6sfpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 12. Principios de programación

1. Os principios que han de respectar a programación e produción da Corporación RTVG axustaranse ao cumprimento das funcións de servizo público.

2. Co obxectivo de dar cumprimento ao apartado anterior, a programación da Corporación RTVG guiarase polos seguintes principios:

a) A defensa da identidade nacional galega.

b) O respecto á liberdade de expresión, obxectividade, imparcialidade, veracidade das informacións e a separación entre informacións e opinións.

c) O respecto ao pluralismo político, social e cultural de Galiza

d) O respecto á intimidade, a honra e os dereitos e liberdades que protexen os tratados internacionais en materia de dereitos humanos.

e) A non discriminación por razón de xénero, orientación sexual ou identidade de xénero; polas súas crenzas, opinións, condición social así como polas súas capacidades.

f) A atención específica a colectivos sociais que así o requiran, como a infancia e a mocidade.

3. Todas as canles e servizos considerados de servizo público serán de libre acceso.

CSV: BOPGDSPGDMf7Gsz-pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 13. Apoio á produción galega e independente

1. A difusión de obras galegos, europeas e independentes por parte da Corporación RTVG queda suxeita ao disposto na normativa aplicábel en materia audiovisual.

2. A Corporación RTVG deberá destinar todos os anos, como mínimo, un seis por cento da cifra total de ingresos obtidos no exercicio anterior, consonte a súa conta de explotación, ao financiamento avanzado da produción de obras cinematográficas, filmes de ficción, apoio a novas persoas creadoras e experimentais, documentais e series de animación.

3. O contrato-programa concretará a porcentaxe de financiamento que debe destinarse a obras galegas fixando unha porcentaxe mínima específica para a produción audiovisual feita por produtoras galegas independentes.

4. Co obxectivo de garantir os principios de transparencia, libre concorrencia e competitividade no financiamento e escolla de proxectos, a Corporación da CRTVG deberá constituír no seu seo unha comisión de valoración cuxas persoas integrantes han de ser coñecidas publicamente que avaliarán as convocatorias anuais de concorrencia competitiva en materia de produción audiovisual. Estas convocatorias anuais serán publicadas a comezos de cada ano e guiaranse por criterios obxectivos e obxectivábeis.

CSV: BOPGDSPG-DMIF6sfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 14. Pluralismo e dereito de acceso

1. A Corporación RTVG asegurará na súa programación a expresión do pluralismo social, ideolóxico, político e cultural existente na sociedade galega, en particular a través de:

a) A participación dos grupos sociais e políticos significativos e representativos, como fontes portadoras de opinión e información no conxunto da programación.

b) A adecuación da programación e contidos audiovisuais á franxa horaria e medios tecnolóxicos que máis se achegue ao público potencial.

Artigo 15. Programación en procesos electorais

1. No transcurso dos procesos electorais será aplicábel a lexislación electoral, correspondendo o control da mesmas á Xunta Electoral competente, que se comunicará a través do Consello de Administración e da Dirección Xeral da Corporación RTVG.

2. En todo caso, a Corporación RTVG garantirá o dereito de acceso da poboación á información electoral especialmente a través da programación de debates entre as distintas opcións políticas que se difundirán en horario de máxima audiencia.



CSV: BOPGDSPG-DMf7Gvtzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 16. Control parlamentario da función de servizo público audiovisual

1. Correspóndelle ao Parlamento de Galiza o control da actuación da Corporación RTVG a través da Comisión Permanente para o Control da CRTVG constituída de conformidade co que dispoña o Regulamento da Cámara.

2. A este efectos, e consonte o procedemento que dispoña o Parlamento de Galiza, a devandita Comisión exercerá as seguintes funcións:

a) Analizar con carácter anual o informe de execución da prestación do servizo público audiovisual, referido Ao conxunto da súa actividade.

b) Facer un seguimento con carácter semestral da execución do contrato-programa en vigor, sen prexuízo de poder realizalo cando así sexa requirido de xeito motivado por iniciativa dalgún grupo parlamentario.

c) Analizar os orzamentos anuais da Corporación RTVG, a través da remisión da información contábel necesaria e das comparecencias dos membros dos órganos de administración e xestión da mesma.

d) Facer un seguimento dos contidos, programación e actividade en relación coas misións e principios de servizo público.

e) Realizar o exame das capacidades, méritos e idoneidade das persoas que vaian a formar parte dos órganos de administración, dirección e control de acordo co previsto na presente Lei.

4. Así mesmo, o Pleno do Parlamento de Galiza designará os membros dos órganos de dirección, xestión e control nos termos previstos na Presente Lei.



CSV: BOPGDSPG-dMF6sEpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## CAPÍTULO III

## Organización da Corporación Radio e Televisión de Galiza

Artigo 17. Órganos

1. A Corporación RTVG estrutúrase nos seguintes órganos de administración, dirección e control:

a) Consello de Administración

b) Dirección Xeral

c) Consello Asesor

d) Consello de informativos.

2. Os distintos órganos da Corporación RTVG deberán actuar consonte os principios recollidos na presente Lei, estando sometidos ao control e dación de contas dos órganos correspondentes así como ao control parlamentario. A estes efectos, todas as persoas que integren os órganos descritos no apartado anterior están obrigadas a comparecer perante o Parlamento de Galiza cando sexan requiridas para iso así como a dar conta da súa xestión nos termos que interese o Parlamento. A negativa ao cumprimento desta obriga será causa de cese, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer.

CSV: BOPGDSPG-DMF0sZpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*Sección 1ª. Consello de Administración*

Artigo 18. Composición e elección

1. O Consello de Administración da Corporación RTVG estará conformado por 6 persoas máis aquela que asuma a Dirección Xeral.

2. O Parlamento de Galiza designará as persoas que integran o Consello de Administración da Corporación RTVG logo da súa selección a través do procedemento previsto nesta Lei e das súas normas de desenvolvemento.

3. A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do Consello de Administración designados polo Parlamento de Galiza.

4. A selección das persoas que integran o Consello de administración da Corporación RTVG será efectuada a través dun concurso público de acordo co procedemento determinado pola presente Lei.

5. As persoas que se candidataren para integrar o Consello de Administración han de contar con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio no eido da comunicación.

6. O seu mandato terá unha duración de cinco anos e poderá ser renovábel por outro mandato de igual duración. Unha vez esgotado o mandato as conselleiras e conselleiros saíntes continuarán nas súas funcións até o nomeamento das novas.



CSV: BOPGDSPG-DMF6tzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. No caso de cese por motivos distintos ao da expiración do mandato, a designación das novas conselleiras e conselleiros terán unha duración equivalente ao tempo que restara de mandato ás persoas que vaian substituír.

Artigo 19. Normas básicas para os procesos de selección do Consello Administración.

1. Para a escolla das persoas que integrarán o Consello de Administración da Corporación RTVG será convocado un concurso público ao que poderán optar todas aquelas persoas que reúnan as condicións de idoneidade, capacitación e prestixio profesional que se establezan na convocatoria.

2. A convocatoria será efectuada polo Pleno do Parlamento de Galiza, que aprobará as Bases do Concurso e definirá os requisitos, méritos e capacitación que deberán acreditar as persoas candidatas.

3. Así mesmo, designará xunto coa aprobación da convocatoria un Comité de persoas expertas composto por persoas de recoñecida competencia e experiencia profesionais acreditadas no eido da comunicación superior a dez anos, respectando o equilibrio de xénero. A designación farase a proposta dos grupos parlamentarios e serán nomeadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentares ou por aqueles que representen a tres quintas partes das deputadas e deputados do Parlamento de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-Dnlf7Gbzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aos efectos de efectuar a proposta, por un prazo mínimo de dez días, darase publicidade na web do Parlamento para que os sindicatos, entidades profesionais e asociativas no eido da comunicación acheguen propostas de expertos para formaren parte de dita Comisión.

4. O Comité de persoas expertas efectuará unha valoración fundada das persoas que concorran no concurso público, e elevará unha proposta á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, indicando ademais a persoa idónea para ser designada na Dirección Xeral. Para tal fin, as persoas candidatas deberán achegar, no prazo e termos fixados polas bases de convocatoria, un proxecto para os medios públicos audiovisuais de Galiza.

5. Os informes de avaliación serán públicos e remitidos á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, que recibirá en audiencia as persoas candidatas para verificar a idoneidade en relación cos méritos e capacidades que foran validados polo Comité de persoas expertas.

6. A Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG elevará a proposta da selección ao Pleno do Parlamento de Galiza para aprobar, por maioría de dous terzos, o nomeamento dos membros do Consello de Administración e a súa Dirección Xeral.

Artigo 20. Cesamento das persoas integrantes do Consello de Administración

1. As conselleiras e conselleiros cesaron o seu cargo por:



CSV: BOPGDSPGOtMi7GtzFpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) denuncia expresa notificada fidedignamente á Corporación RTVG.

b) expiración do seu mandato.

c) separación aprobada por maioría de dous terzos do Parlamento de Galiza, por causa de incapacidade permanente para o exercicio do cargo, condena firme polo comisión de calquera delito doloso, incompatibilidade sobrevida ou deixación das súas funcións.

d) por incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade previstas na presente Lei.

Agás no suposto da alínea b), o cese producirá efectos inmediatos, debendo procederse dun xeito inmediato á substitución das vacantes segundo o previsto no artigo 18 da presente Lei.

2. Cesarán todas as persoas que integran o Consello de Administración no caso en que:

a) Existan perdas continuadas que orixinen unha redución do patrimonio a unha cantidade inferior ao inicial.

b) Que da liquidación do orzamento anual da entidade pública empresarial se constate unha desviación orzamentaria superior ao 10 por 100, tanto na conta de explotación como de capital, sen ter solicitado autorización ao Parlamento de Galiza.



CSV: BOPGDSPGDMrF6sz pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de cese polos motivos regulados neste apartado, os membros do Consello de Administración permanecerán en funcións até a designación dun novo Consello de Administración.

Artigo 21. Estatuto persoal

1. As persoas que integran o Consello de Administración da Corporación RTVG terán adicación exclusiva e estarán suxeitas ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da administración galega, sendo ademais incompatíbel con cargo público electivo.

2. As súas retribucións virán fixadas na Lei xeral de orzamentos de cada anualidade, sen que poidan superar en ningún caso a prevista para a Dirección Xeral da Corporación.

3. As persoas que integran o Consello de administración non poderán ter interese directa ou indirectamente nas empresas audiovisuais, discográficas, cinematográficas, de vídeo, prensa, publicidade, servizos informáticos, telecomunicación, servizos da sociedade de información ou calquera outro tipo de entidade relacionada co subministro, dotación de material ou programas da Corporación RTVG.

4. As conselleiras e conselleiros exercerán o seu cargo con suxeición aos deberes de dilixente administración, fidelidade e responsabilidade.

CSV: BOPGDSPG-dMF6sEpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 22. Competencias e funcións

1. O Consello de administración da Corporación RTVG será o responsábel do cumprimento dos obxectivos xerais, así como dos principios de programación e da boa administración e goberno da Corporación.

2. O Consello de Administración terá as seguintes competencias:

a) A representación e administración da Corporación RTVG.

b) A aprobación da organización básica da Corporación RTVG e as súas modificacións.

c) O nomeamento e cese do persoal directivo da CRTVG.

d) A supervisión do labor de dirección da Corporación

e) Velar polo cumprimento da normativa audiovisual, da presente Lei, dos Estatutos sociais e das resolucións e acordos da autoridade audiovisual.

f) Cumprir e facer cumprir os acordos e resolucións do Parlamento de Galiza en virtude da súa función de control da Corporación RTVG.

g) Aprobar, por proposta da Dirección Xeral, o plan xeral de actuación da Corporación RTVG no cumprimento das súas funcións e os plans de programación das distintas canles de radio e televisión públicas e demais servizos audiovisuais do ente.

h) Conferir e revogar poderes.

CSV: BOPGDSPGqQQBO6Mr7Sb2pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

i) Aprobar con carácter definitivo os cadros de persoal da Corporación, así como as súas modificacións, e autorizar a convocatoria e as bases reguladoras dos procesos selectivos.

l) Aprobar o réxime de retribucións da CRTVG.

m) Aprobar as normas reguladoras de emisión de publicidade a través CRTVG tendo en conta o control de calidade da mesma, o contido das mensaxes publicitarias e a adecuación do tempo de emisión da publicidade á programación e ás necesidades dos medios.

n) Velar polo cumprimento do principio de pluralismo político, social e cultural na programación.

p) Aprobar o regulamento interno e demais normas de funcionamento do consello de administración.

q) Actuar como órgano de contratación no caso de contratos administrativos que supoñan a asunción de compromisos de gasto de carácter plurianual, así como os que o Consello de Administración determine por razón da contía e teña n vixencia anual, así como aprobar calquera outros contratos, convenios, acordos ou negocios xurídicos que supoñan a asunción de compromisos de gasto plurianual, así como os que o Consello de Administración determine por razón da contía e teñan vixencia anual.

r) Aprobar o informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuídas.

CSV: BOPGDSPG-DdMFG5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

s) Asinar o correspondente contrato-programa e subscribir os acordos dos que se deriven obrigas de carácter económico-financeiro asumidas pola CRTVG en razón do seu carácter público, así como previamente, informar sobre a proposta de mandato-estratéxico, do contrato-programa e sobre as liñas básicas da programación en desenvolvemento dos devanditos instrumentos.

t) Formular as contas anuais do exercicio e propor a aplicación de resultados.

u) Aprobar o proxecto de orzamentos anuais de explotación e capital da CRTVG así como os plans financeiros plurianuais previstos na normativa de réxime orzamentario aplicábel ás entidades do sector público galego.

v) Aprobar calquera informe que a CRTVG eleve ao Parlamento de Galiza, ao goberno da Xunta de Galiza ou ás autoridades audiovisuais,.

w) Promover, se for o o caso, a acción de responsabilidade contra os administradores ou persoal directivo que teña ao seu cargo fondos da entidade, así como a súa transacción ou renuncia.

x) Aprobar a composición das comisións e órganos destinados a garantir o control interno e a independencia profesional dos servizos informativos.

3. Os Estatutos Sociais da Corporación RTVG desenvolverán o funcionamento interno do Consello de Administración e as facultades da Dirección Xeral.

4. O Consello de Administración poderá delegar as súas facultades, por maioría de dous terzos do número total de membros, agás as que sexan indelegábeis por razón legal, así como as previstas nas alíneas b),c),g),h),i),I),m),n),o),p),q),r),u) e

CSV: BOPGDSPGGdMf7Sipf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

x) do apartado 2 do presente artigo. En ningún caso, as delegacións poderán ter carácter permanente.

5. Os acordos do Consello de Administración aprobaranse por maioría simple dos seus membros, agás os relativos ós alíneas b),c),g),h),i),I),m),n),o),p),q),r),u) e x) do apartado 2 do presente artigo, que requiriron maioría de dous terzos do número total de membros do Consello de Administración.

Artigo 23. A Presidencia do Consello de Administración

1. O Consello de Administración designará, na súa sesión constitutiva, presidida pola conselleira ou conselleiro de maior idade, a persoa titular da Presidencia do Consello de Administración.

2. A Presidencia do Consello de Administración será puramente funcional e exercerase de maneira rotatoria entre as persoas que integran o órgano, excluída a Dirección Xeral, por un período de seis meses.

3. A Presidencia do Consello de Administración terá como funcións a de convocar as sesións do consello, así como ordenar os debates, conducir as deliberacións e prestar o seu visto e prace ás actas do dito órgano.

CSV: BOPGDSPG-DMfF8tzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 24. A Secretaría do Consello de Administración.

1. O Consello de administración terá unha Secretaría, cuxa persoa titular non terá o carácter de conselleira e actuará con voz pero sen voto.

2. A designación e o cese da persoa titular da Secretaría corresponderá ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade consonte o que establezan os Estatutos Sociais.

3. A persoa titular da Secretaria terá as funcións que lle asignen os Estatutos sociais e, en todo caso, as de erguer as actas das sesións do Consello de administración, certificar os seus acordos e asesorar en dereito ao Consello.

4. Á persoa titular da Secretaría do Consello de Administración seralle de aplicación o réxime de incompatibilidades e deberes previsto no artigo 17 da presente Lei, agás o relativo ó adicación exclusiva.

*Sección 2ª. Dirección Xeral*

Artigo 25. Elección, nomeamento e cese

1. A Dirección Xeral da Corporación RTVG é o órgano executivo da mesma. Como tal, asumirá a representación institucional do Consello de Administración e da entidade, alén das atribucións que lle confiren a presente Lei e os Estatutos Sociais



CSV: BOPGDSPGdMF0xfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Dirección Xeral forma parte do Consello de Administración, tendo voz e voto nas súas reunións, correspondéndolle ademais, nos supostos de ausencia da persoa titular da Presidencia á que se refire o artigo 22 da presente Lei efectuar a convocatoria do Consello e presidir as súas deliberacións.

3. O nomeamento da Dirección Xeral da Corporación RTVG será efectuado polo Parlamento de Galiza, por maioría de dous terzos da Cámara previa escolla por concurso público no marco do procedemento determinado pola presente lei para o Consello de Administración.

4. O seu mandato será por cinco anos e, a mesma persoa, poderá ser reelixida no cargo unha soa vez, sen prexuízo de continuar en funcións até a designación dunha nova Dirección Xeral por un tempo máximo dun ano.

No caso de cese polas causas previstas nos apartados a), c), d) e e) do artigo 19 da presente Lei, os seus efectos serán inmediatos, asumindo as súas funcións interinamente a conselleira ou conselleiro de maior idade até ser designada unha nova Dirección Xeral con arranxo ao procedemento disposto na presente Lei.

Artigo 26. Incompatibilidades

1. O cargo de Dirección Xeral estará afectado polas mesmas incompatibilidades que as sinaladas para as persoas integrantes do Consello de administración.

CSV: BOPGDSPG-dMF0sfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Así mesmo, taménse considerará causa de incompatibilidade a vinculación con entidades públicas ou privadas de medios de comunicación social.

Artigo 27. Facultades

1. A Dirección Xeral ostentará as funcións de administración e representación que lle confire a presente Lei e os Estatutos sociais da Corporación RTVG e actuará baixo a vixilancia do Consello de administración e sometida ao control do Parlamento de Galiza.

2. Asemade, a Dirección Xeral exercerá a dirección executiva ordinaria da Corporación consonte os criterios, obxectivos xerais e instrucións que estableza o Consello de administración. En particular, ostentará a representación legal da CRTVG para a realización daqueles actos que sexan necesarios para o exercicio da dirección executiva ordinaria, podendo celebrar, no marco das súas facultades, os actos, contratos, ou negocios xurídicos que sexan precisos para a realización do obxecto social, así como comparecer en xuízo e conferir os oportunos apoderamentos.

3. Alén do recollido no apartado anterior, a Dirección Xeral terá as seguintes competencias:

a) Cumprir e facer cumprir o disposto na presente Lei e nas demais normas que regulen a entidade pública empresarial, así como os acordos do Consello de Administración nas materias que sexan competencia deste órgano colexiado.

CSV: BOPGDSPG-DMF0fz2pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Executar e facer cumprir os acordos do Consello de Administración, así como as directrices xerais de actuación da Corporación RTVG aprobadas por aquel e executar os principios que dito órgano aprobe sobre produción, publicidade e programación dos medios públicos audiovisuais de Galiza.

c) Someter á aprobación do Consello de Administración coa suficiente antelación, o Plan anual de traballo, a Memoria económica anual e os anteproxectos de orzamentos da CRTVG.

d) Preparar a formulación das contas anuais de cada exercicio económico do ente consonte o establecido na lexislación orzamentaria e mercantil.

e) Elaborar os anteproxectos de explotación e de capital da Corporación RTVG así como os plans financeiros plurianuais previstos na normativa de réxime orzamentario aplicábel ás entidades do sector público galego para sometelos á aprobación do Consello de administración.

f) Elaborar e propor ao Consello de administración os informes anuais sobre a xestión da Corporación sobre o cumprimento das misións de servizo público asignadas, o cumprimento do contrato-programa, así como dos informes que sexan requiridos polo Parlamento de Galiza ou o Goberno Galego.

g) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporación RTVG.

h) Actuar como órgano de contratación do ente cando non estea atribuída a competencia por razón da contía ou duración do contrato ao Consello de

CSV: BOPGDSPG-DMF6s6zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración, así como celebrar os actos e negocios xurídicos naquelas materias e contías que acorde o Consello de administración.

i) Autorizar os pagamentos e gastos da Corporación RTVG sen prexuízo de que as normas que regulen estas dispoñan a facultade de delegación.

I) Propor ao Consello de administración a aprobación da organización básica da Corporación RTVG e das súas sociedades dependentes.

m) Propor o nomeamento, con criterios de profesionalidade, do persoal directivo da CRTVG ao Consello de administración.

n) Dirixir e coordinar as actividades dos órganos directivos da Corporación RTVG consonte as directrices emanadas do Consello de administración.

o) Asegurar o cumprimento dos principios básicos de programación nas emisións das distintas canles audiovisuais da CRTVG, de conformidade coas directrices establecidas polo Consello de administración, e tendo como referencia o correspondente contrato-programa e máis o mandato- estratéxico.

p) Exercer a xefatura superior do persoal e dos servizos da CRTVG baixo as directrices xerais que nesta materia emanen do Consello de administración.

q) Asumir a responsabilidade dos ficheiros de datos automatizados da CRTVG e velar polo cumprimento da lexislación sobre protección de datos persoais.

*Sección 3ª. Outros órganos*

Artigo 28. O Consello Asesor



CSV: BOPGDSPG-OMf7c6zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A Corporación RTVG contará cun Consello Asesor como órgano de participación da sociedade na súa actividade.

2. O Consello Asesor estará formado por un máximo de 21 persoas representativas da pluralidade social de Galiza dando cumprimento ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes, segundo a seguinte distribución:

a) Doce persoas designadas por maioría de tres quintos polo Parlamento de Galiza en representación dos sectores e industrias culturais, a normalización da lingua galega, as organizacións sindicais e formacións políticas representativas, as organizacións de persoas con discapacidade, as organizacións profesionais do sector audiovisual, organizacións sociais do ámbito feminista e do colectivo LGBT, organizacións xuvenís, entre outras que representen a diversidade e pluralidade social e cultural de Galiza.

b) Catro designadas polo Consello da Xunta de Galiza en representación dos departamentos responsábeis de política cultural e audiovisual, lingüística, igualdade e tecnoloxía

c) Cinco en representación das persoas profesionais dos medios de comunicación públicos integrados na Corporación RTVG elixidas polo procedemento que estabeleza o Consello de informativos da CRTVG.

3. Son competencias do Consello Asesor:

a) Asesorar ao Consello de administración nas orientacións xerais da programación.



CSV: BOPGDSPG-DMrF6sEpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Informar sobre as normas e criterios que garantan o dereito de acceso dos grupos sociais definitivos en función da súa relevancia social e representatividade.

c) Informar sobre cantos asuntos lle someta á súa consideración o Consello de administración.

4. O Consello Asesor será convocado cando menos trimestralmente, así como cando sexa preceptivo o seu pronunciamento.

Nas sesións do Consello Asesor participarán con voz e sen voto, a Dirección Xeral e máis a Secretaría do Consello de administración, que exercerán as función de Presidencia e Secretaria, respectivamente, do devandito órgano asesor.

5. A condición de membro do Consello Asesor non esixirá adicación exclusiva nin dará dereito a remuneracións, agás polos gastos ocasionados e xustificados polo asistencia ás súas sesións consonte as normas de indemnizacións por razón do servizo que rexan para o persoal da Corporación RTVG.

Artigo 29. Os Consellos de informativos

1. O Consello de informativos é o órgano interno de participación das e dos profesionais da Corporación RTVG para velar polo súa independencia, a obxectividade, imparcialidade e veracidade dos contidos informativos difundidos polas distintas canles do servizo público audiovisual galego.

CSV: BOPGDSPG-OMf76izpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Son funcións do Consello de informativos:

a) Velar pola independencia e imparcialidade das e dos profesionais dos servizos informativos perante o Consello de administración e os órganos directivos Corporación RTVG.

b) Promover a independencia editorial e informativa da CRTVG consonte o previsto na presente Lei no relativo ás súas funcións de servizo público.

c) Informar sobre a liña editorial e a programación informativa.

d) Someter á súa consideración, con carácter non vinculante, as propostos de nomeamento do persoal directivo no eido dos servizos informativos da CRTVG.

e) Elixir como órgano de participación interna as persoas que representarán o cadro de persoal da CRTVG no Consello Asesor de acordo co previsto no artigo 27 da presente Lei.

3. As normas de organización e funcionamento do Consello de informativos aprobaranse polo Consello de administración no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, previa escoita das e dos profesionais da CRTVG a través da súa representación sindical.



CSV: BOPGDSPGDMr7sfpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## CAPÍTULO IV

## Réxime económico

Artigo 30. Réxime patrimonial

1. O patrimonio da Corporación RTVG serán de titularidade da Comunidade Autónoma, tendo a consideración de dominio público, como patrimonio afecto ao servizo público audiovisual.

2. O devandito patrimonio será adscrito á Corporación RTVG, correspondéndolles a súa xestión, conservación e administración para o cumprimento dos seus fins específicos.

3. Aplicaranse as disposicións da normativa patrimonial da Comunidade Autónoma de Galiza en todo o que se refire ao réxime xurídico dos bens e dereitos patrimoniais ou demaniais que lle sexan cedidos, adscritos ou incorporados ao patrimonio da Corporación RTVG.

4. Non obstante o disposto nos apartado anteriores, a CRTVG poderá ter patrimonio propio, que terá o carácter de bens patrimoniais ou privados, e a súa xestión, administración, explotación e disposición rexeranse polo disposto na normativa aplicábel.

CSV: BOPGDSPGvAdMfOsz pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 31. Réxime de contratación

1. A Corporación RTVG axustará a súa actividade contractual aos principios de publicidade e concorrencia en consonancia co establecido na lexislación sobre contratación no sector público.

2. Sen prexuízo do anterior, ás relacións contractuais que por razón da súa especificidade estean acollidas a un réxime especial de contratación, seranlle plenamente aplicábeis as normas referidas a este, e subsidiariamente, as relativas ao ordenamento xurídico privado.

Artigo 32. Réxime económico e compensación por servizo público

1. A Corporación RTVG financiarase a través dos ingresos e rendementos das súas actividades, a través da venda e prestación de servizos e a participación no mercado publicitario, así como polas achegas previstas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma en compensación polo cumprimento das obrigas de servizo público.

2. As achegas da Comunidade Autónoma polo prestación de servizo público consignaranse nos orzamentos anuais da CRTVG así como no contrato-programa.

3. A prestación do servizo público poderá financiarse de xeito parcial e limitado a través da participación no mercado publicitario, de acordo co establecido na lexislación en materia audiovisual. En todo caso, corresponderá ao contrato-programa determinar as clases de emisións que poden incluír espazos publicitarios,

CSV: BOPGDSPG-DMf76sfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

así como a duración máxima da publicidade, respectando sempre os límites da normativa audiovisual.

4. Os contidos audiovisuais a través dos que se levarán a termo as misións e obxectivos de servizo público poderán ser obxecto de ulterior venta ou cesión a terceiros operadores no ámbito comunitario e internacional de produtos e servizos audiovisuais. Nese caso, os ingresos que resulten de dito tipo de operacións deben destinarse exclusivamente ó financiación da prestación do servizo público.

5. A Corporación RTVG poderá prestar, á marxe das misións e obxectivos de servizo público atribuídas por esta Lei, servizos de comunicación audiovisuais e da sociedade da información en función da capacidade técnica e profesional desenvolvida en exercicio das funcións que lle son propias.

A realización desas actividades non poderá interferir na prestación do servizo público como función principal da entidade pública e debe ir orientada a promover a súa divulgación profesional e facilitar un mecanismo adicional para o seu financiamento.

As operacións a que se refire o presente apartado serán obxecto de contabilidade diferenciada dentro do orzamento anual da Corporación consonte os principios de proporcionalidade e transparencia.



CSV: BOPGDSPG-dMf76fpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 33. Réxime orzamentario

1. A Corporación RTVG elaborará con carácter anual un anteproxecto de orzamentos de explotación de capital, que incluirán unha previsión da conta de resultados, un cadro de financiamento, así como a documentación complementaria esixida polo normativa orzamentaria da Comunidade Autónoma para as entidades do sector público.

Ademais da documentación relativa ao orzamento do exercicio vindeiro, deberán acompañar a liquidación do último exercicio pechado e un avance da liquidación do exercicio corrente.

2. Os orzamentos de explotación e capital da CRTVG integraranse no orzamento xeral da Comunidade Autónoma, consonte a normativa orzamentaria.

Dun xeito específico, durante o trámite parlamentario de aprobación do orzamento xeral da Comunidade Autónoma polo Parlamento de Galiza, o seu exame e análise corresponderá á Comisión Permanente de Control da CRTVG, que poderá requirir a presenza dos membros dos órganos directivos e persoal directivo para dar conta do orzamento presentado.

3. Ademais do orzamento anual, a CRTVG deberá elaborar un programa de actuación plurianual, integrado polos estados financeiros e demais documentación requirida pola normativa orzamentaria da Comunidade Autónoma para as entidades do sector público.

CSV: BOPGDSPG-DMfF6sfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. As variacións orzamentarias que se produzan durante a exercicio económico nos orzamentos da Corporación RTVG axustaranse ao réxime previsto na normativa orzamentaria aplicábel ás entidades do sector público. Sen prexuízo do anterior, as variacións no orzamento de explotación e capital que superen o dez por cen do inicialmente consignado, deberán ser autorizadas expresamente polo Consello da Xunta de Galiza, a proposta da consellaría competente en materia de facenda, e previa audiencia do Parlamento de Galiza, a través da Comisión Permanente de Control da CRTVG.

Artigo 34 . Fiscalización polo Consello de Contas

1. A Corporación RTVG estará sometidas á fiscalización e control do Consello de Contas de Galiza, nos termos previstos polo lexislación reguladora do mesmo para as entidades do sector público galego.

2. As persoas que formen parte dos órganos de administración e dirección, o persoal directivo e o persoal laboral ao servizo da CRTVG, así como o persoal pertencente ás empresas que realizaran contratos ou negocios xurídicos que supuxeran a disposición de fondos por parte da devandita entidade pública, estarán obrigadas a facilitar canta información lles sexa requirida polo Consello de Contas para o desempeño do seu labor de fiscalización regulado neste artigo.

CSV: BOPGDSPGGdMf76s2pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## CAPÍTULO V

## Réxime de persoal

Artigo 35 . Persoal directivo

1. Os membros do Consello de administración da Corporación RTVG así como o persoal que exerza labores de superior dirección e así estea establecido no instrumento de ordenación dos recursos humanos, terán o carácter de persoal directivo, sendo designadas libremente en función da súa idoneidade e vinculadas por unha relación laboral especial de alta dirección. O seu cesamento tamén será libre, coas especialidades previstas nesta Lei para os membros do Consello de Administración e a Dirección Xeral.

2. As retribucións do persoal directivo serán as establecidas no instrumento de ordenación de recursos humanos da CRTVG sen que poidan ser, en termos anuais globais, incluídas as retribucións variábeis, os incentivos ao rendemento ou as percepcións por produtividade, superiores ás establecidas para unha dirección xeral da Xunta de Galiza.

3. Non se poderán percibir retribucións en especie ou atípicos en exercicio do cargo directivo da CRTVG.

4. O tempo de servizos prestado na Corporación RTVG como persoal directivo, Dirección Xeral ou membro do Consello de administración non poderá



CSV: BOPGDSPG-DMf7Gs2pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

computar como mérito aos efectos de procesos selectivos convocados no seo da Corporación.

5. O réxime de incompatibilidades previsto no artigo 19 da presente Lei será aplicábel a todo o persoal directivo ao que se refire o presente apartado.

Artigo 36. Persoal laboral

1. A Corporación RTVG contará cun cadro de persoal laboral, que será seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade, a través de procedementos selectivos de conformidade co disposto na normativa reguladora do sector público autonómico de Galiza.

2. O Consello de Administración da CRTVG será o órgano competente para aprobar as relacións de postos de traballo e os instrumentos de ordenación dos recursos humanos, así como autorizar a convocatoria e as bases reguladoras dos procesos selectivos, os convenios colectivos ou acordos laborais de todo o persoal do ente.

CSV: BOPGDSPGgdMFOxpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# TÍTULO III

## O Consello Audiovisual de Galiza

### Artigo 37. Natureza e réxime xurídico

1. O Consello Audiovisual de Galiza actúa como autoridade reguladora e executiva dotada de plena independencia respecto do Goberno e as administracións públicas para o exercicio das súas funcións.

2. O Consello Audiovisual de Galiza é un ente público de carácter institucional, que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar no ámbito do dereito público e privado, e conta con autonomía organizativa e de funcionamento. Rexerase polo disposto na presente Lei e no seu Regulamento de desenvolvemento, así como nas normas orgánicas que aprobe, que serán publicadas no Diario Oficial de Galiza.

3. Os actos do Consello do Audiovisual de Galiza estarán sometidos ao disposto na lexislación reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como ao resto de lexislación aplicábel en materia de actos e de funcionamento das Administracións Públicas.

4. O seu réxime de persoal, contratación e orzamentario será o aplicábel ás entidades públicas instrumentais do sector público galego, coas especificidades que se dispoñan nesta lei e no seu regulamento de desenvolvemento.

CSV: BOPGDSPG-dMiF6Szpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 38. Ámbito de actuación

O Consello do Audiovisual de Galiza exerce as súas funcións no ámbito da comunicación audiovisual directamente xestionada polo Comunidade Autónoma de Galiza ou en réxime de autorización, sexa cal for a forma de emisión e a tecnoloxía empregada, así como nos supostos nos que se efectúen emisións específicas para Galiza e aqueloutros que, por aplicación da normativa vixente, fiquen sometidos ao ámbito de xestión e tutela da Comunidade Autónoma.

Artigo 39. Composición, elección e duración do mandato

1. O Consello do Audiovisual de Galiza estará integrado por seis persoas, elixidas polo Parlamento de Galiza por maioría de dous terzos, que ademais deberá designar de entre elas a titular da Presidencia.

2. As persoas que integran o Consello do Audiovisual de Galiza serán escollidas entre aquelas que gocen de recoñecido prestixio e con experiencia profesional acreditada no sector audiovisual.

3. A duración do mandato dos membros do Consello do Audiovisual de Galiza será de cinco anos, sendo renovábeis por un só mandato adicional.

4. No caso de vacante sobrevida de calquera dos membros procederase á súa substitución polo procedemento previsto para a súa designación, e a duración do mandato será polo tempo que restaba ao membro substituído ou ausente.

CSV: BOPGDSPGd0Mf7c5z-pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 40. Estatuto persoal dos membros do Consello do Audiovisual de Galiza

1. Os membros do Consello do Audiovisual de Galiza terá adicación exclusiva, actuarán con plena independencia e neutralidade e non estarán sometidos a instrución ou indicación no exercicio das súas funcións.

2. Os membros do Consello do Audiovisual de Galiza estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Xunta de Galiza, alén de ser incompatíbel coa condición de deputada/o do Parlamento de Galiza, coa designación de calquera cargo de elección ou designación política, co desenvolvemento de actividades nas Administracións Públicas, co exercicio de funcións de dirección ou executivas en partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais.

3. Os membros do Consello do Audiovisual de Galiza non poderán ter participación directa nin indirecta, nin tampouco interese algún, en empresas audiovisuais, de cine, vídeo, prensa, publicidade, informática, de telecomunicacións ou internet nin exercer actividades profesionais de ningunha caste, agás a participación en cursos, conferencias ou seminarios de maneira ocasional e sen adicación exclusiva.

4. En caso de atoparse incurso algún membro do Consello do Audiovisual de Galiza en causa de incompatibilidade deberá formalizar a súa baixa do órgano ou formalizar a  situación no prazo máximo dun mes.

CSV: BOPGDSPG-UMf7Oz5pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 41. Perda da condición de membro do Consello do Audiovisual de Galiza.

Os membros do Consello do Audiovisual de Galiza son nomeados de xeito irrevogábel e cesan unicamente por algunha das seguintes causas:

a) Expiración do mandato

b) Denuncia ou falecemento

c) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo, incompatibilidade sobrevida ou inhabilitación para o  exercicio de cargos públicos.

d) Condena en sentenza firme por delito doloso

e) A non adecuación en prazo das incompatibilidades a que se refire o artigo anterior.

Artigo 42. Funcións

1. O Consello do Audiovisual de Galiza vela polo respecto dos dereitos e liberdades que, no eido dos medios de comunicación audiovisual de radiodifusión sonora, televisión ou calquera outro sistema de transmisión de son ou imaxe tanto lineal como por petición, son recoñecidos polas normas constitucionais ou estatutarias e garante o cumprimento da normativa reguladora da programación e publicidade audiovisual, das condicións das concesións ou autorizacións audiovisuais, así como do cumprimento da normativa europea en materia audiovisual.



CSV: BOPGDSPGDdMrfGfpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Así mesmo, o Consello do Audiovisual de Galiza velará polo pluralismo político, cultural, social, lingüístico e relixioso no conxunto do sistema audiovisual de Galiza, polo neutralidade e honestidade informativas e preserva o cumprimento das normas relativas ó difusión e normalización da lingua galega nos medios de comunicación social.

3. Dun xeito específico, o Consello do Audiovisual de Galiza exerce as seguintes funcións:

a) Emitir informe previo en canto aos anteproxectos de lei e os proxectos de disposicións de carácter xeral que conteñen normas relativas oo sector audiovisual e as súas eventuais modificacións, así como elaborar informes e ditames a iniciativa propia ou a instancia do Parlamento ou do Goberno.

b) Outorgar as licenzas que habilitan para a prestación do servizo de comunicación audiovisual e garantir o cumprimento das súas condicións, cando non sexa necesario realizar un concurso consonte a normativa audiovisual.

c) Informar, con carácter preceptivo e vinculante, sobre a proposta do prego de condicións formulada polo Goberno galego, previamente á convocatoria de cada concurso de adxudicación de concesións ou autorizacións audiovisuais.

d) Informar, con carácter preceptivo e vinculante, sobre as propostas presentadas nos concursos de outorgamento de licenzas para a xestión de emisoras de radiodifusión sonora e de televisión. Tamén debe informar, con carácter preceptivo e vinculante, sobre as peticións de renovación das



CSV: BOPGDSPGDMF6z
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concesións ou licenas outorgadas, os expedientes de modificación do capital social das empresas titulares da concesión, os expedientes de transmisión das concesións e as revogacións destas.

e) Velar polo cumprimento do establecido na normativa reguladora do sector do audiovisual e, en particular, asegurara observancia dos principios de pluralismo político, social, relixioso, cultural e de pensamento.

f) Adoptar instrucións xerais de carácter vinculante dirixidas aos operadores a fin de garantir o cumprimento da lexislación vixente no ámbito das súas competencias, así como adoptar decisións vinculantes para os seus destinatarios no que se refire ás queixas formuladas polos usuarios dos servizos de comunicación audiovisual.

g) Incoar e resolver, no ámbito das súas competencias, os correspondentes procedementos sancionadores polos infraccións da lexislación relativa ao audiovisual e a publicidade.

h) Proceder á execución forzosa dos actos que adopte, ante a inactividade da persoa obrigada e despois de realizar a correspondente advertencia, incluíndo a imposición de multas coercitivas.

Obter dos operadores de servizos de comunicación audiovisual toda a información que lles sexa requirida para o exercicio das funcións do Consello.

i) Promover a adopción de normas de autorregulación do sector audiovisual.



CSV: BOPGDSPGdMIf6sfzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

m) Velar polo cumprimento da lexislación sobre publicidade en todo o relativo aos contidos e modalidades das emisións publicitarias tanto na radio e televisión lineais como nas redes e plataformas dixitais e sociais.

n) Asegurar o cumprimento do disposto na normativa sobre protección da infancia nos contidos audiovisuais.

o) Adoptar, no marco das atribucións recoñecidos na presente Lei, as medidas necesarias para restablecer os efectos da difusión ou a introdución na programación ou a publicidade de mensaxes ou contidos que atenten contra a dignidade humana e o principio de igualdade, e moi particularmente cando estas mensaxes ou contidos fosen difundidos en horarios de audiencia de público infantil ou xuvenil.

p) Interesar das demais autoridades reguladoras ou das Administracións Públicas con competencia en medios de comunicación audiovisual cuxas emisións se difundan en Galiza e non queden suxeitos á autoridade do Consello Audiovisual de Galiza a adopción das medidas acaídas ante as condutas contrarias á lexislación relativa á programación e publicidade audiovisuais, así como interesar do Ministerio Fiscal a súa actuación nos casos en que as condutas detectadas poidan ser susceptíbeis de persecución e sanción penal.

q) Aprobar e, no seu caso, modificar o Estatuto Orgánico e de Funcionamento do Consello, así como ordenara súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

CSV: BOPGDSPGGdMFo5z7pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

r) Garantir o cumprimento das misións de servizo público asignadas aos medios de comunicación audiovisual de xestión pública e dar conto diso ao Parlamento de Galiza.

s) Exercer, a instancia das partes en conflito, e dentro do ámbito das súas competencias, funcións arbitrais e de mediación no sector audiovisual.

t) Exercer a potestade de inspección, control e sanción establecidas na normativa en materia de comunicación audiovisual ás autoridades audiovisuais.

Artigo 43. Réxime sancionador

1. O Consello do Audiovisual de Galiza exerce a potestade sancionadora que as leis reguladoras da comunicación audiovisual en Galiza e da publicidade atribúen ó Comunidade autónoma de Galiza.

2. En cumprimento das súas funcións, o Consello do Audiovisual de Galiza exercerá as seguintes potestades:

a) Adoptar as medidas cautelares en caso de urxencia xustificada para evitar que o incumprimento de obrigas produza un prexuízo grave e irreparábel ao pluralismo, a liberdade de comunicación e os dereitos dos cidadáns, que poden comportar a suspensión de licenzas ou concesións.

b) Requirir información e pedir a comparecencia de prestadores e distribuidores de servizos de comunicación audiovisual.



CSV: BOPGDSPGDLMIF6dzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Ordenar o cese de actuacións que incumpran as condicións da licenza ou concesión.

d) Impor multas coercitivas para garantir o cumprimento das obrigas aos prestadores de servizos audiovisuais cara a autoridade audiovisual, especialmente en canto ós potestades de inspección e control.

Artigo 44. Potestade regulamentoria

O Consello do Audiovisual de Galiza ten a potestade regulamentaria, por medio de instrucións, para desenvolver os preceptos da presente Lei e demais leis en materia audiovisual nos eidos relativos ás condicións aplicábeis aos títulos habilitantes para o exercicio da liberdade de comunicación e ás obrigas legais á que fican suxeitos os prestadores e distribuidores de servizos de comunicación audiovisual.

Artigo 45. Relacións co Parlamento de Galiza

1. O Consello do Audiovisual de Galiza elaborará con carácter anual un informe sobre a súa actuación e a situación do sistema audiovisual de Galiza, incluíndo as propostas e observacións que sexan precisas para facilitar o desenvolvemento equilibrado do sector, que será remitido ao Parlamento de Galiza.

2. O Parlamento de Galiza poderá solicitar do Consello do Audiovisual de Galiza a elaboración de informes, estudos e propostas sobre o ámbito da

CSV: BOPGDSPGoDMi7Os5pf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envío: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación audiovisual e información relacionada co exercicio das súas competencias.

Artigo 46. Réxime económico

O Consello do Audiovisual de Galiza disporá dos seguintes recursos económicos:

a) As asignacións orzamentarias establecidas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza.

b) Os ingresos de dereito público e dereito privado que lle correspondan.

c) As contraprestacións derivadas dos convenios asinados.

d) Os rendementos das publicacións, estudos e demais actuacións do Consello.

e) O importe dos canons dos títulos de habilitación para a xestión de emisoras de radiodifusión sonoras e de televisión outorgadas polo Comunidade Autónoma, na proporción que se determine por vía regulamentaria.

Artigo 47. Colaboración con outras institucións

1. A Xunta de Galiza deberá prestar a colaboración e o auxilio necesarios ao Consello do Audiovisual de Galiza, cando así o esixan o cumprimento das súas funcións e a execución dos seus acordos, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización xudicial cando se precise para execución das devanditas resolucións.

CSV: BOPGDSPGGDMf7dlzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. O Consello pode establecer acordos de cooperación e colaboración con outras autoridades de regulación audiovisual e participar nos organismos correspondentes do Consello de Europa e da Unión Europea.

**Disposición transitoria primeira. Nomeamento do Comité de persoas expertas e aprobación das bases reguladoras do concurso público estabelecido por esta Lei**

O Parlamento de Galiza aprobará en sesión plenaria, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a normativa que rexe a selección dos membros do Consello de Administración e a Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galiza por concurso público coa participación dun Comité de persoas expertas tal e como prevé o artigo 18 da presente Lei.

O Comité de persoas expertas estará composto por persoas de recoñecida competencia profesional, docente ou investigadora do ámbito da comunicación e da creación audiovisual e con experiencia acreditada, respectando a presenza equilibrada entre mulleres e homes. As persoas que integran este Comité serán nomeadas na mesma sesión plenaria a proposta dos Grupos Parlamentares e serán designadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentares ou por aqueles que representen a 3 quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza, de acordo coa normativa de desenvolvemento desta disposición que aprobe o pleno do Parlamento.



CSV: BOPGDSPG-DMf7Oi5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de renuncia por parte dalgunha das persoas designadas, o Comité constituirase con aquelas que aceptaran o nomeamento.

Este Comité fará públicos os seus informes de avaliación das distintas candidaturas que se presenten e serán remitidos á Comisión competente para a correspondente audiencia das candidaturas.

Após escoitar as candidaturas na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG e previa remisión do informe final ao Parlamento, a Cámara, en sesión plenaria e por maioría de dous terzos, nomeará as persoas candidatas seleccionadas.

**Disposición transitoria segunda.- Elección e primeiro mandato dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación Radio e Televisión de Galiza**

A elección dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG deberá producirse consonte ao estabelecido na presente Lei prazo máximo dos nove meses seguintes á súa entrada en vigor.

**Disposición adicional primeira. Inicio dos actividades e elección dos membros do Consello do Audiovisual de Galiza**

1. O Consello Audiovisual de Galiza iniciará o seu funcionamento no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei.



CSV: BOPGDSPGEGdMf6fzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Os membros do Consello do Audiovisual de Galiza serán designados dentro dos dous meses seguintes ao inicio das actividades de dito órgano.

**Disposición adicional segunda. Constitución do Consello Asesor e do Consello de informativos**

A constitución do Consello Asesor e do Consellos de informativos previstos na presente Lei formalizarase dentro dos tres meses seguintes ao inicio do mandato do Consello de Administración da CRTVG. O Consello de informativos elixirá con arranxo ao procedemento que decida as persoas que deberán integrar o Consello de informativos en representación do persoal da CRTVG.

**Disposición derrogatoria única**

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente Lei.

**Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa**

Facúltase á Xunta de Galiza e ao Consello do Audiovisual de Galiza, no ámbito de cadansúas competencias, a realizaren o desenvolvemento regulamentario da presente Lei.

CSV: BOPGDSPGrDJMrT6SzPf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:45
Nº Rexistro: 17404
Data envio: 15/01/2025 17:40:45.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor**

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galiza."

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2025 17:34:18**

CSV: BOPGDSPG-[illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia** (12/PL-000007, doc. núm. 15321), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

O Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia pretende regular as actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público que impliquen o uso desta tecnoloxía.

Introduce a obrigación de contar cun informe de proxecto de IA que, ademais de describir o seu funcionamento e características detalladas, incluirá unha avaliación de impacto relativo aos dereitos fundamentais das persoas. Temos que recordar que a Lei europea de IA, aprobada no ano 2022 xa inclúe estas obrigacións. Ademais o 13 de xuño de 2024, o  Diario Oficial da Unión Europea publicou o Regulamento 2024/1689 do Parlamento Europeo y del Consejo no que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial (Regulamento de Intelixencia Artificial). Esta norma, tamén coñecida como Lei Europea de Intelixencia Artificial, constitúe a primeira regulación xeral a nivel mundial e con rango de lei desta importante materia, e condicionará o desenvolvemento económico e social dos próximos anos, coa que gran parte da lei galega e subsidiaria da lei europea. Non deixa de ser curioso que, como di a Xunta de Galicia, o gran logro da lei galega é converter a Galicia na primeira rexión europea en regular por lei o deseño, adquisición e uso desta ferramenta, primeiro na administración e logo en toda a sociedade", mais ven, vendo o regulamento europeo non e mais que una norma para regular e controlar o uso pola administración autonómica das plataformas de IA.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:37:13
Nº Rexistro: 17401
Data envio: 15/01/2025 17:37:13.876

Sen embargo, o artigo 3.2 abre a posibilidade de aplicacións de IA de uso xeral e/o experimentais queden fóra do obxecto regulado o que pode crear na cidadanía espazos onde non queda claro o exercicio dos dereitos recollidos na presente norma.

A pesar de que se indica a intención de regular é garantir un desenvolvemento e unha utilización da intelixencia artificial “ética, segura, fiable e centrada nas persoas”, engadindo que “dotamos á comunidade dun marco xurídico estable que de certezas e blinde dereitos”, non é mais que unha intención baleira e que non recoñece o papel da AESIA, que ten a súa sede en A Coruña, quen non só vela senón que ten competencias sancionaras para os casos de incumprimentos no uso.

O Capitulo III de dereitos da cidadanía que prevé o exercicio dos dereitos dos cidadáns con respecto a utilización de aplicacións de IA presenta unha redacción xenérica e indeterminada. Indica a  e prevé a supervisión humana” en todos os procedementos administrativos que empregan esta tecnoloxía sempre que sexa necesaria ou solicitada por calquera persoa implicada no trámite, sen indicar a forma en que se producirá e sobre todo, as consecuencias so incumprimento, total o parcial, de esta supervisión

Defínese a composición do Consello Galego de Intelixencia Artificial con máis de 20 membros pero non se definen as funcións mentres que no caso do grupo de traballo de Comisión estratéxica para o asesoramento, que non presenta unha composición definida, si que se indican esas funcións que, nalgún caso, parecen mas acaídas para o Consello, polo que sería importante definir claramente as funcións de ambos órganos, si é necesaria a súa coexistencia.

No apartado de planificación fálase da estratexia galega de IA. Sen embrago, no ano 2012 aprobouse a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2021-2030 (EGIA), polo tanto plenamente vixente. que ten como obxectivo de converter a

CSV: BOPGDSPG-eMfTG5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

"Galicia nunha rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea. A estratexia despregará en Galicia unha intelixencia artificial de vangarda, ética, segura e centrada nas persoas. Coordenada pola Amtega, mobilizará máis de 330 millóns de euros públicos da Xunta de Galicia no período 2021-2030, xerará un impacto na creación de riqueza duns 472 millóns de euros nese período. O documento articúlase en torno a 4 eixos prioritarios e 15 medidas con actuacións concretas". Como queda esta Estratexia? Cal é a situación de execución do orzamento e dos 4 eixos? Que adaptación ou modificacións se realizaron na mesma? A resposta a estas preguntas debe ser previa e afectaría a redacción e aprobación da presente lei.

Nos apartado de programas sectoriais de IA e proxectos de IA aínda que se presentan en dous apartados deberían incluírse xa que na actualidade todos os sectores e consellerías da Xunta de Galicia deberían estar inmersas en proxectos para implantar plataformas e ferramentas que, nalgún caso, poderían ser de uso conxunto, por tanto, parece máis lóxico que a entidade instrumental do sector público galego con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación (na actualidade Amtega) xestionara, en colaboración das consellerías e unidades administrativas o deseño dos proxectos necesarios para desenvolver as plataformas e ferramentas de IA necesarias para a Administración autonómica e os seus entes dependentes.

A lei crea novas figuras, como o comisionado en Intelixencia Artificial, que velará pola prevención, detección e eliminación de riscos e resultados negativos, ou o inventario de sistemas de intelixencia artificial, que reflectirá o ciclo de vida de cada sistema, desde o seu deseño até a súa desactivación. Figura definida por esta lei, de novo cuño e que terá difícil encaixe nas estruturas funcionariais das consellerías, con competencias administrativas e técnicas complexas.

Posteriormente, na propia lei, asígnase estas funcións ao delegado de protección de datos, figura amparada por unha lei orgánica, polo que non queda clara a súa

CSV: BOPGDSPG-aTMFG5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

necesidade. Sería máis desexable que as funcións recollidas no apartado tres foran realizadas directamente pola propia Amtega, que xa foi responsable da execución dos proxectos, en colaboración cos responsable funcionais de cada unidade administrativa.

Consideramos necesario desenvolver na lei de forma máis detallada o plan de xestión de datos e os espazos de probas, un elemento fundamental no proceso de aprendizaxe dos sistemas expertos e de adestramento dos algoritmos de IA. A dispoñibilidade dun número importante de datos e que os algoritmos se adestren con datos da nosa poboación melloran a aplicación e funcionamento das ferramentas de IA. Este bancos ou espazos de datos, normalizados e anónimos, deben ser claramente regulados así como o seu uso tanto para investigación como para desenvolver sistemas de uso. Neste momento estanse definindo en Europa e no Estado espazos de datos sectoriais, aspecto que deberá ser tido en conta nesta lei.

Onde quizás a lei precisa máis concreción é nas medidas que pretende desenvolver un ecosistema de coñecemento e innovación en Intelixencia Artificial, o que a lei define como “medidas para o impulso da IA en Galicia”. Inclúe medidas económicas e fiscais, proxectos empresariais estratéxicos e singulares, cinco liñas para estes últimos artigos. Dificilmente a IA actuará como axente diferenciador e impulsor da economía de Galicia se non creamos e mantemos un sector empresarial tecnolóxico propio que desenvolva a súa actividade dende Galicia. A Xunta de Galicia, e debe ser unha das función básicas da implantación da IA na administración debe se un axente fundamenta para que, na colaboración publica privada, permita crea, manter e atraer esas empresas tecnolóxicas que serán o futuro económico da nosa comunidade. Este sector, altamente internacionalizado, xa dispón dun alto e intenso crecemento ano tras ano, pero precisan que as políticas públicas e os programas de gasto e investimento da Xunta teña en conta esta situación. É necesario que os programas que incentiven a implantación de IA distinga entre empresas usuarias de IA e as que producen e

CSV: BOPGDSPGT-aMMFG5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:37:13
Nº Rexistro: 17401
Data envío: 15/01/2025 17:37:13.876



xeran estas aplicacións e plataformas. Polo tanto a lei ten que intensificar e incluír medidas específicas que defina o carácter de sector estratéxico para as empresas cuxa actividade teña relación directa con esta tecnoloxía.

Regula de modo deficiente a creación de programas de incubación, aceleración e consolidación de startups en IA elemento fundamental para permitir o crecemento e dinamismo do sector. Sinala a creación dun fondo de participación en empresas que desenvolvan en Galicia sistemas de IA, pero non indica nin as condición nin o perfil do fondo o nin a forma de participación da administración.

Estas medidas para promoción da IA nos sectores privados pasa mais por definir o apoio aos sector que xera IA máis que impulsar a creación de factorías de intelixencia artificial, como fai a lei, sobre todo cando a Comisión Europea establece a creación dunha única factoría por estado membro e na primeira convocatoria concedeu xa unha Factoría de IA ao BSC de Barcelona, onde xa existe o nodo principal de QuantumSpain. Esta factoría estarán abertas ás empresas emerxentes ou a calquera axente do ecosistema de IA que necesite desenvolver, adestrar e validar sistemas de intelixencia artificial e é accesible dende calquera punto do Estado, polo que non é necesario regulalas nesta lei.

Na lei tamén no apartado de I+D referencias a creación dun sistema de vixilancia tecnolóxica en intelixencia artificial para as empresas pero de forma meramente declarativa sen indicar medidas e políticas para realizalo.

Por todo o anterior non podemos apoiar este Proxecto de Lei para o Desenvolvemento e Impulso da Intelixencia Artificial en Galicia polo que solicitamos a súa devolución para ser reformulado e ser tratado posteriormente no Parlamento

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro do 2025

CSV: BOPGDSPG-dMmFG5zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2025 16:30:47**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 17:40:21
Nº Rexistro: 17402
Data envio: 15/01/2025 17:40:21.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galiza [12/PL-000007 (**doc. núm. **15321)]**, en base ás seguintes consideracións:

A Intelixencia Artificial é unha realidade que xa leva con nós anos e que cada día afecta directamente a máis aspectos da nosa vida diaria. Por esta razón, é urxente dotar a este país dunha lexislación ambiciosa, específica e garantista que asegure que todas as vantaxes que a IA pode ter para a cidadanía estean amplamente supervisadas e rexidas polos criterios éticos, humanos, de respecto á nosa lingua e cultura e de reforzo da igualdade entre homes e mulleres que lle eximimos a calquera outra lei.

Queda claro entón que a elaboración dunha regulación eficaz sobre Intelixencia Artificial debe contar cunha análise rigorosa que harmonice o progreso tecnolóxico cos principios fundamentais de equidade social, sustentabilidade ambiental e preservación cultural e lingüística.

A intelixencia artificial (IA) representa un dos avances tecnolóxicos máis transformadores da nosa era. A súa capacidade para alterar estruturas económicas, sociais e culturais é inmensa, e as decisións que tomemos hoxe respecto á súa gobernanza terán repercusións de longo alcance nas próximas xeracións.

No contexto galego, a implementación dunha IA ética e respectuosa non é só unha oportunidade, senón unha necesidade urxente para garantir que esta tecnoloxía sirva de ferramenta para acadar unha maior equidade e un desenvolvemento sostible.

CSV: [illegible]zpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns, desde o Bloque Nacionalista Galego non podemos entender como unha lei tan vital e necesaria para o noso país non tivo unha consulta moito máis ampla en todos os sectores involucrados na mesma.

Para comezar, este proxecto de lei non tivo a oportunidade de ser traballado e avaliado no Consello Económico e Social de Galicia, por iso o feito de non ter informado ao CES dunha lei que vai ter efectos directo no eido laboral e na vida diaria da xente é dificilmente explicable e conforma unha clara deficiencia na redacción deste Proxecto de lei.

Por outra banda, estamos a falar da regulación dunha ferramenta que pode e vai ter efectos directos na economía e no sector financeiro do noso país. Porén, desde a Xunta de Galiza non se ofrece máis que unha mínima información dos custes que a aplicación desta lei poderá ter, mais non sabemos nada de ningún tipo de estimación realizada no que ten a ver cos postos de traballo que se verán afectados, como no impacto que dita lei poderá ter na nosa economía tanto en termos macro coma en termos micro.

Alén do dito, sabemos que a IA pode ser unha grande oportunidade para a introdución das linguas minoritarias e minorizadas en circuítos de información e de comunicación moi relevantes, mais do mesmo xeito pode axudar aínda máis a que estas linguas vexan aminoradas a súa presenza no día a día da xente.

Deste xeito, faise imprescindible que a protección e a inclusión da lingua galega estea contemplada de xeito xeral e específico nos diferentes artigos da lei, así como no obrigado cumprimento do respecto á nosa lingua para todas aquelas empresas que reciban subvencións e/ou incentivos fiscais para desenvolver a súa actividade no noso país.

Por último e como en calquera outro procedemento legal, a presenza dos sindicatos e organizacións de defensa dos consumidores e consumidoras son de vital

CSV: BOPGDSPGAkyMe5Czpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importancia para dotármonos dunha lexislación democrática e que respecta os dereitos dos e das traballadoras e dos e das consumidoras.

Se a isto lle sumamos que estamos a falar dun Proxecto de lei que vai ter un impacto directo no mundo do traballo e nos usuarios e usuarias, a non presenza e representación dos sindicatos maioritarios nos órganos que se crearán para decidir as políticas de IA do noso país é algo inexplicable.

Por todo o exposto, a través desta **emenda á totalidade**, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita a devolución ao Goberno galego do Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galiza**.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2025 17:31:30**

CSV: BOPGDSPGAkjMsEGzpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 10:10:21
Nº Rexistro: 16138
Data envío: 07/01/2025 10:10:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reiterada redución orzamentaria da AGADIC e a adecuación do seu proxecto para o ano 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presentación do proxecto de lei de orzamentos para 2025 por parte do goberno do PP descubriu que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude se estreaba nesta lexislatura como a última a nivel orzamentario.

O proxecto para as áreas de cultura, lingua e xuventude son as que contan con menor orzamento do goberno galego, poñendo fin á expectación creada por Rueda no comezo da lexislatura. A cultura, a lingua e a xuventude apenas ocupan a centralidade do titular da consellería mais non do proxecto de goberno de país para o presidente da Xunta.

Malia o cativo aumento global para 2025 desta consellería, a respecto do orzamento de 2024, son moitas as partidas vinculadas á cultura galega que se ven recortadas ano tras ano.

Un exemplo é a que corresponde coa AGADIC que, ano tras ano, perde capacidade económica para impulsar as industrias creativas galegas, o principal obxectivo para o que foi creada en 2008.



CSV: BOPGDSPG-5MM-G5xpF5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 10:10:21
Nº Rexistro: 16138
Data envio: 07/01/2025 10:10:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo que cada vez son máis recoñecidas nacional e internacionalmente as industrias culturais galegas polo excelso talento e capacidade creativa senlleira, a AGADIC, por unha banda, leva anos actuando por inercia e repetición dalgunhas das medidas impulsadas na orixe e, pola outra, minguando recursos e oportunidades aos seus principais eixos de actuación: as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais, a xestión de circuítos estables de exhibición de espectáculos e as iniciativas de difusión da cultura galega fóra das nosas fronteiras, sen esquecer o labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Filmoteca de Galiza.

Especialmente relevante é a irrelevancia dos dous principais centros de produción, CDG e CCG, condenados á asfixia económica ano tras ano e a deixades a respecto do arquivo fílmico histórico galego que conserva a Filmoteca de Galiza, sen dirección durante os últimos cinco anos, cun cadro de persoal recortado, carente do proxecto pedagóxico tan importante que chegou a desenvolver, sen acceso aos fondos documentais bibliotecarios e sen o necesario proxecto de dixitalización dos mesmos, entre outras eivas.

Analizado o proxecto de orzamentos xa aprobados co único apoio do PP, comprobamos como a partida para a AGADIC volve baixar por terceiro ano consecutivo até unha cifra moi pouco superior ao orzamento de 2012, coa aminoración de recursos que iso implica de lle sumarmos o peso da inflación.

A memoria descritiva tampouco achega novas claves do proxecto da AGADIC para 2025 que permitan consolidar as estruturas existentes ou ensanchar as posibilidades das industrias culturais galegas con novas liñas de actuación dentro e fóra de Galiza. O apoio á internacionalización da cultura galega seguirá a ser materia pendente para o goberno do PP na Xunta.



CSV: BORISDRC-GdMF-5x2f-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 10:10:21
**Nº Rexistro: 16138**
Data envio: 07/01/2025 10:10:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Como vai afectar ao proxecto da AGADIC a nova redución de orzamento para o 2025 por terceiro ano consecutivo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Daniel Castro García**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2025 10:08:52**

**Daniel Castro García na data 07/01/2025 10:08:55**



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 10:56:29
Nº Rexistro: 16144
Data envio: 07/01/2025 10:56:29.809

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta activar medidas que axuden a reverter a actual situación de emerxencia lingüística en que se encontra o galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos de coñecemento e uso do galego publicados no mes de novembro de 2024 polo Instituto Galego de Estatística pasarán á historia da sociolingüística galega como o retrato dunha situación moi preocupante para o futuro da lingua galega.

Estes datos reflicten que, por primeira vez en trece séculos de historia, a lingua galega deixa de ser maioritaria no uso social e as xeracións máis mozas, as menores de 14 anos, cada vez a usan menos e ademais, como novidade, 1 de cada 3 recoñecen problemas de competencia, polo que non se senten capaces de falala nada ou case nada.

Todos os datos apuntan unha nova perda de falantes e, aínda que os factores causantes son diversos, todas as fontes académicas autorizadas apuntan a un elemento común: a función desgaleguizadora da escola desde a imposición unilateral do PP do Decreto 79/2010 do plurilingüismo que, 15 anos despois, se confirmou que cumpriu os seus obxectivos políticos: avanzar no proceso de substitución lingüística e, consecuentemente, no monolingüismo en castelán.

As consecuencias da imposición dese Decreto da vergoña en 2010, en contra dos movementos sociais e das institucións académicas, estatutarias e pedagóxicas, non



CSV: BOPGDSPG-3DMRG2jf1-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 10:56:29
Nº Rexistro: 16144
Data envío: 07/01/2025 10:56:29.809

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sorprenden porque xa foron advertidas desde a súa aprobación, foron matizadas en parte por sentenzas xudiciais e reiteradas ao longo dos anos.

A presión social só atopou ao longo dos anos o silencio e o desprezo por parte do goberno, así como a irresponsabilidade política incumprindo o goberno a súa propia lexislación ao se negar a avaliar o propio decreto anualmente, no fin de cada curso académico.

O negacionismo apropiouse do PP máis antigaleguista da historia até tal punto que mesmo na actualidade o goberno, ante a evidencia dos datos científicos, segue a negar que o galego está nunha preocupante situación de emerxencia lingüística tal e como evidenciou a sociedade de forma clamorosa nunha nova manifestación a favor do galego celebrada o pasado día 17 de novembro, convocada pola plataforma Queremos Galego.

A Real Academia Galega fixo pública unha declaración institucional após estudar con detalle o resultado da enquisa do IGE. As conclusións non poden ser máis contundentes: "Estas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto chamado do plurilingüismo de 2010 e en xeral do abandono das políticas de protección do galego: incremento do monolingüismo en castelán e diminución tanto da comepetencia en galego canto do seu uso".

A RAG tamén expón que este "proceso de substitución lingüística gañou un ímpeto extraordinario ao longo do presente século (…) un feito obxectivo que pon en grave risco a continuidade do idioma".

Consonte os resultados de diferentes estudos elaborados pola RAG ao longo dos últimos anos que xa viñan concluíndo o efecto desgaleguizador do ensino, de novo a máxima institución do estudo da lingua ratifica que "o modelo educativo actual non está



CSV: BORISDDG-FDMF-DR2iFi-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística" a respecto da consecuención da dobre competencia en galego e castelán ao final da escolaridade obrigatoria.

Finalmente, malia toda a sociedade galega ser responsábel da situación lingüística actual, a RAG sinala que o responsábel fundamental "é quen detén o goberno e dispón, xa que logo dos mecanismos de actuación e planificación, A primeira responsabilidade é, por tanto, do goberno galego".

A situación extremadamente preocupante que identifica a RAG é compartida polo BNG, mais tamén partillamos a convicción de que é reversíbel se se actúa con celeridade, de forma coordinada desde diferentes accións dialogadas e participadas atendendo as propostas que emanan da propia sociedade.

Impulsar no curto prazo un conxunto amplo de medidas, como as que seguen vixentes no último gran pacto pola lingua que representeou o Plan xeral de normalización da lingua galega (2020), incluíndo o imprescindíbel cambio de modelo educativo de cara ao vindeiro curso escolar é irrenunciábel se nos queremos comprometer de verdade co futuro vizoso para a nosa lingua propia e oficial.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Como vai responder o goberno da Xunta ao *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023* elaborado pola RAG?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

CSV: BOPGDSPG-30fR82pH-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 10:56:29
Nº Rexistro: 16144
Data envio: 07/01/2025 10:56:29.809

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2025 10:52:26**

**Iria Taibo Corsanego na data 07/01/2025 10:54:37**

**Daniel Castro García na data 07/01/2025 10:55:01**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:22:41
Nº Rexistro: 16254
Data envio: 07/01/2025 12:22:41.826

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o acceso á docencia en 6 especialidades de FP sen mestrado de profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o curso 2023-24 e no inicio do curso 2024-25, debido á falta de profesorado nalgunhas especialidades, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditou distintas resolucións polas que se convocaron procedementos para a elaboración de listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diferentes corpos e especialidades. En xaneiro de 2024, convocáronse procedementos selectivos de acceso a distintos corpos docentes e especialidades. Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso destes procedementos selectivos, procedeuse a actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, incorporando ás listas todas as persoas que superaron a primeira proba ademais das que, sen superala, tiñan a formación adecuada en cada especialidade.

Malia isto, nalgunhas especialidades o persoal dispoñible é moi reducido, provocando que, moitas veces, se acumulen vacantes docentes sen cubrir dando lugar a que haxa alumnado que ve interrompido o seu proceso formativo.

Neste intre, o alumnado de 6 especialidades da Formación Profesional levan todo o que vai de curso sen ter os coñecementos teóricos e prácticos precisos para poder comezar as prácticas no mes de marzo, como son:

- Informática



CSV: BORISDPG-zOifFBbpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Sistemas Electrónicos
- Sistemas Electrotécnicos e Automáticos
- Instalacións Electrotécnicas
- Sistemas e Aplicacións Informáticas
- Equipos Electrónicos.

A Consellaría de Educación trasladou ás organizacións sindicais a posibilidade de abrir unha excepcionalidade na contratación de persoal interino diante das enormes dificultades para conseguir que se cubrisen vacantes nestas especialidades, co trastorno que isto implica para o estudantado. Na última Mesa Sectorial a administración presentou un documento que facilitaría a contratación de docentes coa titulación pero sen o mestrado en Educación e Pedagoxía sempre despois daquelas persoas que cumpren todos os requisitos da norma.

Malia que as organizacións sindicais estean de acordo coa provisionalidade desta medida, este novo procedemento excepcional non permitirá ter unha listaxe de persoas docentes para novas interinidades e substitucións ata avanzado o mes de febreiro, ocasionando un grave prexuízo ao alumnado destas especialidades que chegarán ás prácticas en marzo sen os coñecementos precisos para asumir esta etapa fundamental dentro das empresas. Menos dun mes de clases teóricas non pode substituír a case dous trimestres sen impartir a materia precisa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que medidas vai tomar a Consellaría de Educación para que o alumnado de FP nas especialidades de Informática, Sistemas Electrónicos, Sistemas Electrotécnicos e Automáticos, Instalacións Electrotécnicas, Sistemas e Aplicacións Informáticas e Equipos Electrónicos, poidan realizar as prácticas con garantía de coñecementos e capacidade??



CSV: BORISDPG-z0tMRbpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:22:41
Nº Rexistro: 16254
Data envio: 07/01/2025 12:22:41.826

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que accións vai executar a Consellaría de Educación para cubrir as prazas vacantes das especialidades afectadas na maior brevidade posible facéndoas máis atractivas ás posibles persoas aspirantes??

- Que medidas van implementar a Consellaría de Educación, xunto coa SUG para dotar de maior número de prazas nos másters para profesorado??

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Daniel Castro García**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 07/01/2025 12:18:49**

**Daniel Castro García na data 07/01/2025 12:21:35**

CSV: BOPGDSPG-z0fHRbpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:51:35
Nº Rexistro: 16263
Data envio: 07/01/2025 12:51:35.775

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández**, **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o acordo de libre comercio UE-MERCOSUR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de decembro asinábase o Acordo entre MERCOSUR e a Unión Europea. Este Acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrogandeiro galego polas graves repercusións que van ter no sector a entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur, e especialmente no sector avícola e de carne vacún.

Segundo as cifras publicadas, este Acordo suporá a entrada de 99.000 Tm de carne de vacún e 180.000 Tm de aves e 45.000 Tm de mel anuais procedentes do MERCOSUR sen aranceis. En Galiza prodúcense anualmente 95.600 Tm de carne de vacún, das cales 23.000 Tm están amparadas pola indicación xeográfica TG, 215.000 Tm de aves e 2.700 Tm de mel. Se comparamos coa produción de Galiza vemos que este acordo supón a entrada dun volume de carne na UE similar a produción anual de Galiza; e o que é mais grave sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis a gandería galega. No caso da mel supón case o dobre da produción total de todo o estado español, que produciu 27.400 Tm.

O Acordo permitirá, polo tanto, a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado, así, favorece o monocultivo e especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Prácticas completamente contrarias á descarbonización, a recuperación da biodiversidade natural, a soberanía alimentar e o consumo de



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:51:35
Nº Rexistro: 16263
Data envio: 07/01/2025 12:51:35.775

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtos de proximidade. É preciso tamén destacar que os cultivos e cría de gando son realizados en condicións moi diferentes, pois permítense unhas prácticas -uso de pesticidas, antibióticos, pensos...- nos que non se aplican os mesmos estándares que na Unión Europea e os controis en orixe non son os mesmos.

Tamén é preciso ter en conta que as condicións laborais que, en moitos casos, padece a man de obra que non garante salarios e condicións dignas.

Así, en primeiro lugar, debera favorecerse o consumo de produtos locais e sen transporte, os chamados de "km 0", limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva, para en segundo lugar exixir o cumprimento de certos mínimos ou estándares dos produtos para asegurar tamén a igualdade competitiva dos produtores e gandeiros da Galiza.

Ante esta situación, ao BNG sorpréndenlle as declaracións da conselleira do Medio Rural María José Gómez, o pasado decembro no que indicou que amosa a súa "preocupación" polas posibles consecuencias do acordo no sector agrogandeiro galego. Indicou que o tratado supón "un novo reto" do que se descoñecen as implicacións reais no campo.

A conselleira só se limitou a dicir que teñen solicitado ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, a convocatoria dunha conferencia sectorial urxente para tratar de esclarecer o impacto que MERCOSUR vai ter no eido primario.

Palabras pouco alentadoras e pobres da responsábel de Medio Rural ante un acordo UE-MERCOSUR que pode afectar gravemente a gandería de vacún de carne e avícola galega; así como tamén ao sector apícola e polo tanto a unhas producións agrarias moi importante en amplas zonas do noso territorio; sobre todo na montaña.

CSV: BORISDBG-GWMQbzpf3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece a Xunta de Galiza o Acordo UE-MERCOSUR?
- Fixo o goberno galego algunha análise das consecuencias deste Acordo para o sector agrogandeiro galego?
- É consciente a Consellaría do Medio Rural do perigo deste Acordo para o sector agrogandeiro galego especialmente vacún de carne, avícola e apícola?
- Parécenlles adecuadas e suficientes a Xunta de Galiza as declaracións da conselleira do Medio Rural na que so mostra a súa preocupación polo Acordo e nas que asegura que que se descoñecen as implicacións reais do Acordo?
- Como se vai posicionar o goberno galego ante este Acordo?
- Que medidas vai tomar o goberno galego para salvagardar as producións agrogandeiras galegas ante a ameaza que supón este Acordo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**
**Sonia Vidal Lamas**
**Ariadna Fernández González**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BORISDEG-0MrFqbzpf3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:51:35
Nº Rexistro: 16263
Data envio: 07/01/2025 12:51:35.775

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ariadna Fernández González na data 07/01/2025 12:46:57**

**Sonia Vidal Lamas na data 07/01/2025 12:47:01**

**Secundino Fernández Fernández na data 07/01/2025 12:47:10**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:54:21
Nº Rexistro: 16271
Data envio: 07/01/2025 12:54:21.666

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación das instalacións no CEIP de Santiago de Oliveira en Ponteareas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Dirección Territorial de Educación en Pontevedra a situación na que se atopan as instalacións do CEIP de Santiago de Oliveira en Ponteareas. Un centro no rural do concello que mantén a súa matrícula dende hai moitos anos arredor dos 100 alumnos.

As súas instalacións datan dos anos 80 e ademais de precisar obras de eficiencia enerxética, este centro non contou nunca cun ximnasio para realizar as materias de Educación Física e Psicomotricidade.

A Dirección do centro mantivo unha reunión en Pontevedra a comezos de 2023 para tratar este importante tema para a comunidade educativa, e tras o compromiso da Xefatura Territorial nese intre, a Unidade Técnica achegouse ao centro para facer as medicións necesarias na zona onde serían construídas as instalacións para o ximnasio, un almacén e os baños (un deles para mobilidade reducida).

Esta construción non chegou nunca a facerse, nin a mostrar o proxecto ou planos do deseñado á dirección do centro, profesorado e ANPA. Esta ten solicitado unha reunión co Director Territorial a comezos do presente curso escolar pero non foi atendida nin contestada ata o de agora.



CSV: BOPGDSPG-rMWK3Gdqf3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:54:21
Nº Rexistro: 16271
Data envio: 07/01/2025 12:54:21.666

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o edificio principal tamén precisa de obras de eficiencia enerxética que inclúe novas ventás coas súas correspondentes persianas, rematar a colocación dos falsos teitos (quedan pendentes algunhas aulas), illamento axeitado ou un novo sistema de calefacción máis sostible, limpo e eficaz.

A estas obras, xa importantes en si mesmas, habería que engadirlle melloras para dispoñer de instalacións das que agora carecen ou a reforma doutras como baños, salas de servizos específicos (audiovisuais, salón de actos…), ou dotar ao centro da accesibilidade que establece a normativa.

Polo tanto, hai numerosas reformas (que non mantemento, e polo tanto responsabilidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP) que son precisas acometer de xeito inmediato e outras que deben axustarse a unha planificación a medio prazo a fin de poder conseguir incluso fondos europeos que permitan asumir todo o investimento necesario.

Nos centros do rural aínda é máis urxente asumir estes investimentos para consolidar a matrícula e poder ofertar todos os servizos complementarios que as familias precisan para conciliar a vida familiar e laboral. No caso deste CEIP é recente o servizo de comedor escolar que foi demandado nos últimos anos polas familias e que está a xestionar a súa ANPA, isto supuxo mudar de habitáculo a Biblioteca Escolar e dispoñer de menos espazo para as actividades lectivas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que criterio adopta a Consellería de Educación para decidir en que centros se realizan proxectos de eficiencia enerxética ou outras obras maiores?



CSV: BOPGDSPGFdMKQxg63
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 12:54:21
Nº Rexistro: 16271
Data envio: 07/01/2025 12:54:21.666

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o tipo de planificación que realizan dende a Dirección Territorial de Educación en Pontevedra para ter en conta as obras que se precisan nos centros educativos e que criterios se usan para establecer prioridades?

- Cando van realizarse as obras de construción do ximnasio do CEIP de Santiago de Oliveira e porque levan décadas sen planificar xunto con outros moitos centros educativos do rural galego?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Daniel Castro García**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 07/01/2025 12:51:01**

**Daniel Castro García na data 07/01/2025 12:52:49**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 13:31:18
Nº Rexistro: 16282
Data envío: 07/01/2025 13:31:18.134

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Máis de oito anos levan loitando, en Ourense, as familias de persoas con discapacidade, para que a Xunta de Galicia constrúa e poña en funcionamento un centro de atención para persoas con discapacidade, de titularidade e xestión pública directa, do que xa dispoñen o resto de provincias galegas.

Loitan, estas familias, polo dereito das persoas con discapacidade ou diversidade ao recibir atención nun centro público de calidade terapéutico-ocupacional preto das súas casas, sen ter que desprazarse de provincia. E co fin das persoas con diversidade ou discapacidade acaden os mesmos dereitos para os seus fillos/as que o resto de galegos/as.

Nestes momentos e despois de moitos atrancos rematouse a construción do mesmo no barrio de Barrocás.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos distintas iniciativas para que o Goberno galego se comprometera dunha vez por todas que a xestión do CAPD sexa público e de xestión directa pero despois de dar a calada por resposta a conselleira de Política Social avanzaba nunha entrevista a finais de decembro que en vindeiros Consellos da Xunta de Galicia se aprobará a licitación para a xestión do novo Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional mediante a licitación da xestión para unha entidade sen ánimo de lucro.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2025 13:31:18
Nº Rexistro: 16282
Data envio: 07/01/2025 13:31:18.134

A decisión da Xunta de Galicia non responde as expectativas da plataforma e supón unha nova discriminación para a provincia de Ourense, dado que o resto de provincias galegas dispoñen dun centro destas características de xestión pública e directa.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a reconsiderar a Xunta de Galicia a decisión de licitar a xestión do CAPD para unha entidade sen ánimo de lucro?

2. Vai garantir a Xunta de Galicia as familias das futuras persoas usuarias que a xestión do CAPD será pública e de xestión directa?

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/01/2025 13:29:23**

**Silvia Longueira Castro na data 07/01/2025 13:29:31**

**Elena Espinosa Mangana na data 07/01/2025 13:29:38**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As traballadoras das residencia privada de persoas maiores do Carballiño, xestionada pola empresa Gestmedical denunciaron o tipo de servizo que esta empresa, dedicada ao negocio das residencias públicas de persoas maiores, segundo afirman , chegando mesmo a minar seriamente a súa calidade de vida e a súa seguridade, incumprindo os ratios establecidos o efecto.

As familias tamén denunciaban situacións moi graves no centro de dependentes tales como humidades, carencia de calefacción, racions escasas de comidas que provocaba a baixada de peso das persoas usuarias. etc.

Afirman as traballadoras prácticas irregulares en referencia ás traballadoras e traballadores na residencia de O Carballiño como dobrar quendas, non cubrir baixas de empregados incumprindo as ratios establecidas e atrasos nos pagos dos salarios. Concentrándose en diversas ocasións en protesta pola situación de sobrecarga de traballo e suposto acoso laboral.

A Xunta de Galicia tomou a decisión de intervir de urxencia despois de meses de protestas de persoas dependentes incorporando dez traballadores entre auxiliares e persoal de limpeza.

CSV: BOPGDSPG-Bf16GuzjK-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16296
Data envio: 07/01/2025 17:25:01.907

Grupo Parlamentario Socialista

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Realizou a Xunta de Galicia inspeccións á residencia o Cornubal no Carballiño?
2. De ser positiva a anterior resposta, cando e realizaron e cal foi o resultado das mesmas?
3. Cantas denuncias recibiu a Xunta de Galicia sobre a situación que soportaban as persoas usuarias?
4. E sobre a situación laboral dos traballadores e traballadoras?
5. Como se chegou á grave situación descrita sen que a Xunta de Galicia actuara a pesar das denuncias existentes o respecto?
6. Que medidas adoptou a Xunta de Galicia con respecto a esta grave problemática dende que recibiu as denuncias e para garantir os dereitos dos traballadores e traballadoras?
7. E en relación as retribucións salariais non percibidas?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/01/2025 17:23:33**

**Silvia Longueira Castro na data 07/01/2025 17:23:41**

**Elena Espinosa Mangana na data 07/01/2025 17:23:51**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 10:22:35
Nº Rexistro: 16306
Data envío: 08/01/2025 10:22:35.296



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

A Axencia Galega de Emerxencias participa dende o ano 2011 no programa ARIEM, que é un programa de asistencia recíproca interrexional no que participan tamén Castela e León e norte de Portugal e que ten coma obxectivo o establecemento dun mecanismo de colaboración entre os servizos responsables da xestión e mobilización de recursos ante emerxencias relevantes ocorridas nesta zona.

Este programa na actualidade atópase na prórroga dunha segunda fase denominada ARIEM+ que ten coma obxectivo a implantación de ferramentas informáticas e de telecomunicacións comúns, a formación conxunta e a implantación de protocolos de intervencións comúns que permita crear un marco de cooperación transfronteiriza e racionalizar e optimizar recursos e en consecuencia incrementar a eficacia e a calidade do servizo.

Para poder cumprir este obxectivo o goberno da Xunta de Galicia no ano 2021 licitou pola vía de procedemento aberto a adquisición de 110 terminais tipo tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL por un valor de 80.333 €, coa cofinanciación nun75 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Este contrato de subministro foi adxudicado á empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU por un importe de 78.134,78 € en data 25-11-2021.

CSV: BORISDSCMHt7Cbzg-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois ben, transcorridos mais de 3 anos na web de transparencia da Xunta aínda non aparece executado ese contrato, polo que dende o grupo socialista preguntámonos: onde se atopan eses terminais tablets e porque non se repartiron entre o persoal que actúa en materia de emerxencias?

Entendemos que esa falla de execución é unha irresponsabilidade por parte deste goberno, e este incumprimento que está a limitar a capacidade de resposta da nosa Comunidade Autónoma ante unha situación de emerxencia grave ao privar dos medios tecnolóxicos necesarios para garantir a coordinación e dirección ante estas situacións.

É por iso polo que instamos ao goberno da Xunta a aclarar os motivos que xustifican, no seu caso, o atraso de máis de 3 anos na entrega dos terminais tablets .

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Transcorrido máis de 3 anos dende a adxudicación do contrato de subministro de 110 terminais tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL, por que non foi entregado ese material entre o persoal de emerxencias?
2. Cando ten previsto este goberno proceder á distribución destes terminais tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL entre o persoal de emerxencias?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGMnM7Cbzg-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 10:22:35
Nº Rexistro: 16306
Data envio: 08/01/2025 10:22:35.296

**Paloma Castro Rey na data 08/01/2025 10:20:41**

**Patricia Iglesias Rey na data 08/01/2025 10:20:48**

CSV: BOPGDSPGrFvHmrVQrzj3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:05:06
Nº Rexistro: 16330
Data envio: 08/01/2025 13:05:06.690

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á composición do Consello da Minaría de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia regula no seu artigo 6 a creación do Consello da minaría de Galiza.

Defínese este órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración competente en materia de minaría, para o que se lle atribúen funcións de informe preceptivo nas principais normas e nos instrumentos de planificación do sector mineiro, así como outras de asesoramento.

A propia lei  atribúe especificamente que o Consello emitirá informe sobre os anteproxectos de lei, sobre os proxectos de regulamentos con incidencia na minaría e sobre o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.

Asemade tamén será o Consello que asesore sobre os plans e programas que a presidencia lle propoña en razón á importancia da súa incidencia sobre a minaría. Igualmente tamén poderá emitir informes e efectuar propostas en materia de minaría, por iniciativa propia.

Na parte propositiva facultase ao Consello  a propoñer medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira. Así como impulsar a coordinación entre a



CSV: BORISIDDG-yJ1f-dz-1f-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iniciativa pública e privada en materia de minaría. Tamén poderá informar sobre cantos asuntos en materia mineira sexan sometidos á súa consideración pola consellaría competente en materia de minaría e as que regulamentariamente se lle atribúan.

Tamén será este Consello o que investigará a evolución do emprego no sector da minaría, das sancións firmes derivadas dos incumprimentos desta lei e das estatísticas de sinistrabilidade do sector e subsectores da minaría.

Sen abandonar o plano do emprego, o Consello será o que realice o seguimento do grao de cumprimento de todas as iniciativas encamiñadas a mellorar a calidade do emprego na minaría de Galicia, incrementar a seguridade laboral e impulsar a formación dos traballadores e das traballadoras do sector na nosa Comunidade.

A propia Lei da minaría faculta ao Consello a ser informado anualmente respecto dos expedientes administrativos tramitados relativos aos dereitos mineiros, tanto da caducidade, do concurso, revogación e asignación dos mesmos.

A composición e organización do Consello da Minaría de Galicia rexerase polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre mulleres e homes.

Regulamentariamente determinarase a composición do consello, no que estarán integrados representantes das administracións, das organizacións sindicais e empresariais máis representativas do sector, das asociacións de defensa da natureza, das comunidades de montes en man común, dos concellos mineiros, dos colexios profesionais competentes en materia mineira e da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 presentado no parlamento de Galiza, contemplaba no seu artigo 36, vía modificación do artigo 8 da Lei 8/2009, a composición detallada do Consello da Minaría de Galiza.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta modificación non se contempla a participación dentro do Consello das asociacións da defensa da natureza nin das asociacións de montes en man común.

Aínda que este artigo da leu de acompañamentos foi emendado polo Partido Popular, para engadir representantes da administración autonómica en materias relacionadas co sector da minaría, como de patrimonio cultural, dominio público de augas entre outros.

Tamén se aproveita esta emenda para engadir representantes sectoriais dentro do consello, como é o caso do sector dos materiais cerámicos. Máis nada se modifica para que o asociacionismo ambiental e da xestión do monte comunal teña voz e voto dentro dun órgano que vai decidir e informar sobre os propios intereses destes colectivos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que exclúe a Xunta de Galiza ás asociacións ambientais e de defensa da natureza, e as asociacións das comunidades de montes en man común da participación no Consellería da Minaría de Galiza?

. Vai modificar a Xunta de Galiza a Lei 3/2008 para engadir como membros de pleno dereito do Consello da Minaría de Galiza ás asociacións de defensa da natureza, e das comunidades de montes en man común?

. Considera a Xunta de Galiza que, coa actual composición do Consello da Minaría de Galiza ten a suficiente representatividade social?

. Que previsión ten a Xunta de Galiza sobre a constitución do Consello da Minaría de Galiza?



CSV: BORISDFEGyJlJVCezpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:05:06
Nº Rexistro: 16330
Data envio: 08/01/2025 13:05:06.690

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 08/01/2025 13:00:05**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/01/2025 13:02:05**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/01/2025 13:02:44**

**Luis Bará Torres na data 08/01/2025 13:03:06**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:15:38
Nº Rexistro: 16352
Data envio: 08/01/2025 13:15:38.483

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández**, **Mercedes Queixas Zas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a extracción de lousa non autorizada en Montefurado, concello de Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG fomos coñecedores hai uns meses do inicio de obras para a extracción de lousa na parroquia de Montefurado, concello de Quiroga. Estas obras causaron un importante desacougo entre a poboación dos núcleos próximos dado o inesperado destas e o feito de que se pensaba que non contaban cos permisos necesarios. Para alén diso, as obras están moi próximas ao túnel romano de Montefurado, unha das xoias da coroa do sur de Lugo e unha das obras de enxeñaría romana máis apreciadas do país. Aínda por riba de todo isto, as obras para a extracción de lousa nesa zona da comarca de Quiroga afectaban seriamente o camiño de inverno a Santiago.

Ante esta situación, desde o Grupo Parlamentar do BNG preguntamos á Xunta sobre isto para sabermos cal era o motivo do inicio destas obras e se estas contaban coa aprobación do Goberno de Galiza. Despois dunha demorada espera recibimos a resposta do goberno galego en que se indica que, como temiamos, a empresa non contaba con todos os permisos necesarios e que se iniciaran as obras de forma irregular. Ademais, na resposta tamén se asegura que a Xunta de Galiza incoará un expediente sancionador á empresa por estes feitos. Se ben censuramos a demora na resposta (algo que non comprendemos dado que sabemos que a Xunta realizou unha inspección no terreo no



CSV: BORISUDEG-qMIF6aApf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mes de agosto en que se corroborou o inicio das obras polo que cremos a resposta podería ter chegado moito antes), celebramos a noticia de que, polo de agora, non se retomarán as obras.

De todos os modos, cremos que como oposición é o noso deber seguir de preto os movementos do goberno galego e ser firmes neste sentido así como seguir a preguntar sobre como evolucionan os acontecementos. Eis o motivo desta iniciativa, continuaremos a facer o posible desde a nosa posición para asegurar que as vidas das persoas non se ven afectadas por decisións dunha empresa e que non se poñen en perigo xoias como o túnel romano de Montefurado de máis de 2.000 anos de antigüidade.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Unha vez constatada a irregularidade no reinicio das obras para extracción de lousa en Montefurado, en que consistirá a sanción da Xunta á empresa?

- Que actuacións ten previstas a Xunta para asegurar que non se inician de novo as obras de maneira irregular?

- Como pretende a Xunta defender o inmenso patrimonio cultural que supón o túnel romano de Montefurado e o camiño de inverno?

- É consciente a Xunta dos enormes prexuízos que toda esta situación causou á veciñanza da parroquia de Montefurado?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**



CSV: BOPGDSPG-vjMf56ap-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2025 13:15:38
Nº Rexistro: 16352
Data envio: 08/01/2025 13:15:38.483

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Mercedes Queixas Zas**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 08/01/2025 13:12:34**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/01/2025 13:12:46**

**José Manuel Golpe Acuña na data 08/01/2025 13:12:55**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.

CSV: BORISDPC7NRFK0ZM-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX.

Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) convocouse en maio de 2024 (logo dun ano) a convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Asemade, a pesar do retraso no ano 2024 da convocatoria polo Goberno autonómico das axudas do FTX xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, o pasado 2 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a resolución o INEGA do 20 de decembro de 2024 pola que se declara deserta a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

Esta declaración administrativa de deserta da convocatoria de axudas para proxectos singulares para a mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, evidencia a falta de planificación, falta de eficiencia e falta de eficacia na xestión das axudas públicas do Fondo de Transición Xusta que son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-7MRKG0Ef-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16380
Data envio: 08/01/2025 16:25:30.734

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar todas as diferentes liñas de subvencións públicas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 08/01/2025 16:12:00**

**Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:12:11**

**Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2025 16:12:19**

**Lara Méndez López na data 08/01/2025 16:12:28**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16386
Data envío: 08/01/2025 16:26:47.016

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

No ano 2010 nace o proxecto Abalar co fin de plasmar a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia, iniciando en aquel momento pola dotación de equipos informáticos para ser utilizados nas aulas dos centros.

Co tempo, no programa intégranse todas as iniciativas de integración da dixitalización no ámbito educativo, xuntando os esforzos para a modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal de promoción das TIC en todos os sectores de actividade educativa e da sociedade.

A estratexia do proxecto Abalar xira en torno ao concepto da creación do centro educativo dixital, con recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa, é dicir todos os ámbitos do proceso educativo.

En palabras da propia Consellería, o proxecto Abalar busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e na modernización do ensino coa conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

No curso 2014-2015, como consecuencia dos resultados dos primeiros anos do proxecto Abalar, nace o proxecto E-Dixgal, que trata de ofrecer unha educación

CSV: BOPGDSPG-6MfTQbUf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con recursos dixitais tanto en Educación Primaria como en Educación Secundaria Obrigatoria.

Os centros educativos, alumnado, profesorado e familias que participan neste programa deberían dispoñen de Aulas dixitalizadas, equipamento de uso persoal para alumnado e profesorado, entorno virtual de aprendizaxe, sistemas de seguridade e protección do usuario, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración, soporte e asistencia técnica que lles permitiría dispoñer dun entorno seguro para o ensino dixital.

No curso 2023/2024 acadase o máximo de usuarios do E-Dixgal, con máis de 64.500 estudantes e 630 centros incorporados. Pero no curso seguinte produces o maior número de centros que renuncian ao proxecto que son máis que os que se incorporan producíndose unha redución de centros. Dende a posta en marcha de E-Dixgal xa son 44 os centros que renunciaron ao programa e último curso son 23 os centros que se dan de baixa en medio de dúbidas do profesorado e dos pais e nais, co que o número de centros descende ata os 613 centros participantes na actualidade.

As propias asociación de Nais e Pais galegas realizaron enquisas entre os usuarios que expresan a opinión maioritaria de estar de acordo coa dixitalización e uso das TIC no ensino pero non de como se realiza a través do programa E-Dixgal, cumpre por tanto facer unha reflexión e revisión do programa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que avaliación fai a Consellería dos 10 anos de vixencia do E-Dixgal?

CSV: BORISDRCG-6MTTdUpY-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Que modificación ou adaptacións ten prevista realizar a Consellería para evitar o descenso de centros adheridos ao programa E-Dixgal?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:23:03**

**Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 16:23:12**

CSV: BOPGDSPGuMrFqbjtY3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:58:11
Nº Rexistro: 16413
Data envio: 09/01/2025 09:58:11.172

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incremento do cadro de persoal do Instituto de Medicina Legal de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Medicina Legal de Galiza é un órgano técnico ao servizo da Administración de Xustiza que ten como función auxiliar aos órganos xurisdicionais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en materia de medicina forense.

A creación deste órgano especializado dentro da estrutura da administración de xustiza responde ás necesidades de asesoramento, principalmente, en materias tan sensíbeis como son as relativas á capacidade das persoas, verosimilitude de testemuños, sobre garda e custodias, ou sobe a investigación medicolegal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade.

Xa que logo é unha Institución básica para o bo funcionamento da Administración de Xustiza e o acerto das resolucións que se diten polos órganos xurisdicionais.

Na última memoria publicada polo Instituto Medico Legal de Galiza, correspondente ao exercicio 2023, recollíase que foran solicitados 25.266 informes, 21.502 ao servizo de clínica para a emisión de pericia médica; sendo emitidos durante todo o exercicio un total de 22.685 informes, dos que 17.926 eran relativos á denominada pericia médica.



CSV: BORSDOC-4fM5Gq6a1-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:58:11
Nº Rexistro: 16413
Data envio: 09/01/2025 09:58:11.172

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A evolución do número de pericias solicitadas ao IMELGA nos últimos anos evidencia un constante incremento de aproximadamente de 1.000 solicitudes/ano; coa excepción do ano 2020, por razóns evidentes. No último lustro pasáronse das 21.225 solicitudes do 19 ás 25.266 do 23, o que representa un incremento de case un 20% no volume de solicitudes de intervención pericial.

No mesmo periodo no que se incrementaba notablemente a demanda de actividade da oficina forense o cadro de persoal apenas experimentaba varias, pois 45 médicos/as forense había no ano 2019, 45 había no 24 e idéntico número está previsto para o 2025. Na mesma liña, os postos de dirección, coordinación ou xefaturas de servizo ou sección tampouco sufriron variación algunha, sendo a organización a mesma que hai 5 anos.

En consecuencia, como queira que o Instituto de Medicina de Legal de Galiza experimenta un continuo e constante incremento da carga de traballo, que non é algo puntual ou episódico senón que é sostido no tempo e que as sucesivas reformas lexislativas permiten anticipar que terá continuidade no futuro, no que seguirá a ter un papel esencial no funcionamento da Administración de Xustiza, polo que non intervirse de inmediato resulta previsible que se agrave a situación que ven padecendo o IMELGA dende hai varios anos, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta de Galiza que as reformas lexislativas aprobadas nos últimos anos, tanto ás relativas á capacidade das persoas, como á preconstitución da proba contribúen a incrementar a carga de traballo estrutural do Imelga?

Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar o número de postos de traballo no Imelga?



CSV: BOPGDSPG-4rMFG0Gd1-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal foi o incremento nos últimos 5 anos da relación de postos de traballo do Imelga?

Cantos procedementos selectivos ou de provisión de postos realizáronse nos últimos 5 anos no Imelga para a estabilización ou cobertura definitiva de prazas?

Ten prevista a Xunta de Galiza a convocatoria de procesos de provisión que atinxan a postos de traballo no Imelga?

Entende a Xunta de Galiza que a externalización da emisión dos informes que corresponderían aos equipos psicosociais do Imelga é a resposta ás necesidades estruturais do Instituto?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Oscar Insua lema**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2025 09:52:55**

**Óscar Insua Lema na data 09/01/2025 09:55:59**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:30:12
Nº Rexistro: 16443
Data envio: 09/01/2025 10:30:12.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa declaración de ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de xullo de 2011 o DOG publicaba a Resolución, do 28 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoaba o procedemento para a declaración de ben de interese cultural do conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

O 10 de xaneiro de 2012 o DOG publicaba o DECRETO 249/2011, do 23 de decembro, polo que se declaraba ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, logo de seren emitidos os informes favorábeis da Real Academia Galega de Belas Artes, do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Xeografía e Historia (Departamento de Historia Contemporánea e América) da USC.

O goberno da Xunta, en aplicación da Lei de patrimonio cultural de Galiza, sustentaba este nivel de protección da obra completa de Castelao "sobre a base do seu valor simbólico e o interese do conxunto da obra en canto vehículo de concienciación e afirmación da identidade diferencial do pobo galego".

Unha obra que debe ser lida, estudada e recoñecida na súa globalidade, pois é toda ela indisociábel como retrato complementario da Galiza contemporánea, asentada nunha forte conciencia nacional, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura



CSV: BORISDBD3-vMk5Gbzp93
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega e reivindicadora dos valores nacionalistas desde a defensa das liberdades democráticas.

Un legado que debe ser conservado e protexido, tal e como determina a disposición segunda do DECRETO 249/2011 co fin de:

*Promover a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao, sen prexuízo do exercicio dos dereitos de propiedade intelectual polos seus lexítimos titulares, e fomentar a pervivencia da súa pegada entre as xeracións futuras.*

Transcorridos trece anos da declaración BIC da obra completa de Castelao, e ao fío da declaración deste ano 2025 como Ano Castelao por parte da Xunta de Galiza, co gallo do 75 cabodano da morte do escritor, artista plástico, intelectual e político nacionalista galego referencial, cómpre facer avaliación do cumprimento dos compromisos da declaración BIC por parte do goberno do PP, así como planificar todas aquelas accións precisas para contribuír ao seu coñecemento divulgativo e expansivo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que estratexia desenvolveu o goberno da Xunta, desde xullo de 2011, vinculadas á declaración BIC do conxunto da obra de Castelao?

- Que accións foron encamiñadas á conservación da obra completa de Castelao?

- Que accións atenderon á súa difusión?

- Que accións impulsaron a súa investigación?

- Que seguimento fixo a Xunta do estado de conservación e protección do importantísimo número de obras orixinais que se conservan en numerosas institucións, así como do cumprimento das garantías de accesibilidade a estudosos, investigadores e público xeral?



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:30:12
Nº Rexistro: 16443
Data envio: 09/01/2025 10:30:12.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que seguimento fixo a Xunta do conxunto da obra de Castelao que aínda se encontra esparexida en diferentes localidades españolas e tamén en diferentes cidades europeas e americanas debido á súa condición de político exiliado?

- Colaborou a Xunta nun inventario actualizado da obra de Castelao após o realizado en 2008 e realizado en colaboración coa Fundación Castelao?

- Que accións, sostidas no tempo e en coordinación con todas as institucións culturais e entidades vinculadas ao legado de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, compromete o goberno da Xunta para promover a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao declarada BIC e fomentar a pervivencia da súa pegada entre as xeracións futuras?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Daniel Castro García**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 10:26:42**

**Daniel Castro García na data 09/01/2025 10:28:37**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:00:51
Nº Rexistro: 16418
Data envío: 09/01/2025 10:00:51.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a un novo incumprimento por parte da empresa Eliance, concesionaria do servizo de helicópteros para o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que, máis unha vez, os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato. De novo @s profesionais do 061 denuncian que o helicóptero con base en Santiago non estará operativo desde o dia 6 de xaneiro, data dende a que estará en Ourense para facer unha revisión/reparación. Segundo a información facilitada @s profesionais do servizo, o regreso é sine die, xa que non saben o tempo que pode levar as actuacións que lle teñen que realizar.

Esta situación ven a sumarse aos incumprimentos reiterados por parte da empresa concesionaria no incumprimento do que establece o contrato: prestación de servizo en horario de orto a ocaso os 365 días do ano, como na obriga de ter helicóptero de reposto en caso de necesidade de revisións ou avarías.

A falta deste helicóptero é especialmente grave, xa que o mesmo ten un ámbito de cobertura dos seus servizos nunha zona moi deficitaria en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre, toda a área norte de Galiza.



CSV: BORISDRGvyMEDbgF-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:00:51
Nº Rexistro: 16418
Data envio: 09/01/2025 10:00:51.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferencia entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos, afogamentos... cada minuto de demora na atención agrava o prognóstico e a supervivencia.

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos, que supón desatención ás emerxencias que poidan xurdir. A súa falta de actuación é unha mostra clara da connivencia coa empresa Eliance, concesionaria do servizo.

A Xunta ten que dar explicación de por que lle permite á empresa concesionaria dun contrato de máis de nove millóns de euros este incumprimento, máxime cando é reincidente. Ten que deixar de actuar de comercial das empresas que prestan servizos para o Sergas, deixar de por en risco a vida e a saúde d@s galeg@s, e polo tanto esixirlle á empresa o cumprimento do establecido nos pregos de licitación e polo tanto cubrir a totalidade do horario comprendido entre o orto e o solpor e ter helicóptero de reposto.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que lle permite a Xunta de Galiza á empresa Eliance concesionaria do servizo de helicópteros do 061 incumprir reiteradamente o contrato asinado co Sergas para a atención ás emerxencias extrahospitalarias?

Cando vai priorizar a saúde d@s galeg@s e non a conta de resultados das empresa ás que lle ten concesionados servizos o Sergas?

CSV: BORISDPCeyMEDbgf-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:00:51
Nº Rexistro: 16418
Data envio: 09/01/2025 10:00:51.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai esixirlle e á empresa contar cos recursos establecidos no contrato para prestar o servizo de orto a solpor os 365 días do ano e dispor de helicóptero de substitución?

Ten aberto algún expediente sancionador por esta incumprimento? Cantos e cal foi o resultado dos mesmos? De térselle aplicado algunha sanción cal é a contía?

Non considera que os incumprimentos reiterados e graves, xa que deixan desprotexida á poboación diante dunha emerxencia, son motivo máis que suficiente para rescindir o contrato?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2025 09:58:58**

**Iria Carreira Pazos na data 09/01/2025 09:59:02**

CSV: BOPGDSPG-ydMEDbgf-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:03:55
Nº Rexistro: 16424
Data envio: 09/01/2025 10:03:55.221

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condicións laborais das traballadoras das residencias privadas e a negociación do novo convenio colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As traballadoras das residencias de maiores privadas, a inmensa maioría das existentes en Galiza, atópanse inmersas no proceso de negociación do novo convenio colectivo. Até o momento, non houbo acordo coa patronal do sector toda vez que a representación sindical e as propias traballadoras non ven na proposta formulada polas empresas unha mellora das súas condicións laborais.

Cómpre lembrar que as condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas son profundamente precarias, así a modo de exemplo e partindo de casos reais, hai traballadoras con contratos indefinidos e antigüidades superiores a dez anos que non perciben nin sequera o Salario Mínimo Interprofesional. Así mesmo, os complementos por nocturnidade ou festivos son pírricos tendo en conta o traballo que deben desenvolver.

Malia que se trata de empresas privadas a práctica totalidade delas reciben importantes cantidades de diñeiro público pola vía da concertación de prazas, un feito que esixe a implicación decidida da Xunta de Galiza na garantía dunhas boas condicións laborais e salariais das traballadoras.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:03:55
Nº Rexistro: 16424
Data envío: 09/01/2025 10:03:55.221

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, a Consellaría de Política Social nin sequera as recibiu malia solicitarlle en setembro de 2024 unha xuntanza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas?

- Que medidas adoptou ou pensa adoptar o Goberno galego para garantir unhas condicións laborais dignas destas traballadoras?

- Non cre a Xunta que os fondos públicos que perciben estas empresas esixen unha maior implicación do goberno galego na garantía de mellores condicións laborais e salariais destas traballadoras?

- Por que non recibiu a Xunta de Galiza ás traballadoras? Vaino facer?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BORISDCGVNMNOhrg-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 10:03:55
Nº Rexistro: 16424
Data envio: 09/01/2025 10:03:55.221

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2025 10:02:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2025 10:02:38**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 11:58:56
Nº Rexistro: 16449
Data envio: 09/01/2025 11:58:56.515

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a presenza do galego no material de promoción da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 10 de decembro tivo lugar a entrega dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela. Á saída do acto, ao que asistiron, ademais das persoas premiadas, representantes institucionais, entregáronse varios agasallos, entre eles unha axenda en inglés e castelán co logotipo da Xunta de Galiza.

A edición e entrega por parte da Xunta de Galiza deste material de cortesía no que se exclúe por completo a presenza da lingua galega incumpre todos os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2024 (por exemplo, "Conseguir para a lingua galega  máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos."), e da Lei de Normalización Lingüística de 1983 (por exemplo, "Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.", ademais do propio Estatuto de Autonomía de Galiza ("Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 11:58:56
Nº Rexistro: 16449
Data envio: 09/01/2025 11:58:56.515

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para facilita-lo seu coñecemento", feito que non se comprende por innecesario e desapropiado.

Existen empresas galegas que editan axendas e outro material de promoción en lingua galega, polo que non existe ningún impedimento, máis ben o contrario, para que o goberno galego acuda a material editado en inglés e castelán, excluíndo o galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que o goberno galego edita material de promoción co logotipo institucional da Xunta de Galiza no que se exclúe por completo a lingua galega?

- Ten previsto o goberno galego corrixir a exclusión da lingua galega no material institucional de cortesía que edita?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
**Mercedes Queixas Zas**
**Daniel Castro García**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/01/2025 11:53:24**



CSV: BOPGDSPG-kMGE0hcpf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 11:58:56
Nº Rexistro: 16449
Data envio: 09/01/2025 11:58:56.515

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2025 11:56:31**

**Daniel Castro García na data 09/01/2025 11:57:18**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 12:02:02
Nº Rexistro: 16456
Data envio: 09/01/2025 12:02:02.845

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos do 2025 son os que quere o Sr. Rueda pero non os que necesita unha Galicia que sofre un atraso -en termos comparativos- respecto España, e que a propia Xunta de Galicia cifra en 6 anos.

Crecemos é certo, pero a un ritmo moito menor tanto a nivel macro como micro económico. Como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España sobre a evolución da inflación, informes da AIREF, informe FUNCAS o Informe Ardán sobre a economía galega.

Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto do Estado. Segundo as previsións da Xunta Galicia medrará 2,1 % no 2025 por debaixo da media estatal, que se sitúa no 3,1 % de crecemento interanual. Un punto menos. Segundo os derradeiros datos da EPA, o paro en Galicia baixou, pero a un ritmo 6 veces inferior á media.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2024, apenas un 6 por cento fronte ao 12 por cento de todo o Estado.

CSV: BORISUDRG3-3f5FGbt63
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

